Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre os concellos cos que se acordou o cambio de xestión dos centros de día e infraestruturas sociais comprometidas nos diferentes protocolos nos convenios asinados pola Xunta de Galicia

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-3016(29471)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Sestayo Doce, Beatriz  
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción dunha residencia para a terceira idade nos terreos cedidos polo Concello de Santiago de Compostela na zona de Monte dos Postes

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-3017(29478)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da supresión das unidades móbiles do programa galego de detección precoz do cancro de mama

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-3018(29485)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier e 2 deputados máis

Sobre o estado de tramitación do proxecto de mellora da seguridade viaria no tramo da estrada PO-340, Gondomar (p.q. 15+780)-A Ramallosa (p.q. 21+510), as causas da súa actual paralización e atraso das obras, e as previsións ao respecto

Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/POC-3019(29487)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o número de funcións previstas para a produción do Centro Dramático Galego "As actas escuras"

Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/POC-3020(29489)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz



Sobre a situación do servizo público de comedor no centro público integrado Atios, de Valdoviño, e as razóns da falta de resposta ás peticións da comunidade educativa

Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/POC-3021(29501)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Fraga Santos, Silvia Belén e 2 deputados máis  
Sobre o contido do programa “Bos días” emitido pola Televisión de Galicia o día 22 de marzo de 2010

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Compañía da RTVG

- 08/POC-3022(29505)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Verdes Gil, Sonia  
Sobre a consecución pola nova lei de mobilidade da terra, da mellora da competitividade e do aumento da base territorial das explotacións galegas e as modificacións que vai introducir na Lei 7/2007, do 21 de maio, así como na Lei 10/1985, do 14 de agosto

Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/POC-3038(29508)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Verdes Gil, Sonia  
Sobre as previsións respecto da xestión do Banco de Terras de Galicia tras a disolución da sociedade anónima Bantegal e as repercusións desta medida

Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/POC-3023(29511)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Verdes Gil, Sonia  
Sobre os motivos da Consellería do Medio Rural para contratar cunha empresa privada a planificación e coordinación da estratexia na loita contra os incendios forestais, as previsións ao respecto e as actuacións que vai desenvolver a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A., Seaga  
Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/POC-3024(29514)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia

Sobre as modificacións introducidas pola Orde da Consellería do Medio Rural do 22 de febreiro de 2010 e as reducións derivadas da exclusión de superficies admisibles das axudas da liña de control integrado dentro do contrato de explotación sustentable

Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/POC-3025(29517)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Verdes Gil, Sonia  
Sobre a organización do Plan de prevención e defensa contra incendios forestais para a campaña do ano 2010, a posta en marcha do dispositivo humano, así como a dotación de medios técnicos, materiais e os equipamentos, e as previsións ao respecto

Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/POC-3026(29528)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Piñeiro Martínez, María Soledad e 7 deputados máis  
Sobre as accións formativas impulsadas ou desenvolvidas pola Consellería de Economía e Industria durante o ano 2009 no eido dos comerciantes, artesáns, consumidores e usuarios, e as previstas ou deseñadas para o ano 2010

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-3027(29529)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Piñeiro Martínez, María Soledad e 7 deputados máis  
Sobre as accións formativas impulsadas ou desenvolvidas pola Consellería de Economía e Industria durante o ano 2009 dirixidas á concienciación e impulso do aforro e da eficiencia enerxética, e as previstas ou deseñadas para o ano 2010

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-3028(29530)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Piñeiro Martínez, María Soledad e 7 deputados máis  
Sobre as novidades que presenta e os beneficios derivados da creación pola Consellería de Economía e Facenda dunha bolsa de comercios baleiros para que os novos emprendedo-

res substitúan os que preto da xubilación deixan o negocio, así como a publicación dunha orde de axudas a pequenos comerciantes individuais autóctonos

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-3029(29531)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Piñeiro Martínez, María Soledad e 7 deputados máis

Sobre a actuación da Consellería de Economía e Industria en materia de innovación e de incorporación de novas tecnoloxías no sector comercial e as previsións respecto do apoio á mellora da competitividade dos establecementos comerciais

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-3030(29536)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa e Suárez Canal, Alfredo

Sobre as denuncias realizadas polos sindicatos respecto da existencia de indicios de filtracións nas oposicións do Sergas

Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 08/POC-3031(29552)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 deputados máis

Sobre a discriminación que sofre o aeroporto de Vigo tras a negociación do Goberno galego das rutas coa compañía aérea Vueling e os criterios seguidos para priorizar a conexión de Vigo con Bruxelas respecto da súa conexión con Londres

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-3032(29569)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre a posición e as previsións da Xunta de Galicia respecto da ampliación a horario de tarde e a cobertura das baixas médicas e permisos vacacionais da especialidade de atención pediátrica no centro de saúde da Pobra do Caramiñal

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-3033(29571)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre o impacto no sector pesqueiro do esgotamento da cota de captura da xarda

Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo

- 08/POC-3034(29578)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre o cumprimento dos acordos do pacto local no referido á asunción por parte do Goberno galego dos gastos de mantemento dos centros de saúde

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-3035(29582)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre a construción dunha residencia pública no concello de Santiago de Compostela

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-3036(29584)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caride Estévez, María José e 3 deputados máis

Sobre as causas e consecuencias do desfasamento de 111 millóns de euros procedentes do financiamento autonómico para Galicia no ano 2010 e a actuación prevista polo Goberno galego ao respecto

Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos

- 08/POC-3037(29587)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa e Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre a situación de precariedade dos servizos sanitarios de atención primaria no concello de Coirós

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2010

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, en relación coa prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, denominada Salario da liberdade.

A creación da axuda para mulleres que sofren violencia de xénero constituíu un incremento do apoio da Xunta de Galiza ás vítimas da violencia sexista. Unha medida destinada a aquelas mulleres sen recursos económicos que facilitara a ruptura desa situación.

Temos constancia de que hai un problema co pagamento destas axudas, que a Xunta de Galiza non é capaz de explicar, e o que máis nos preocupa, non ten explicado na Cámara as medidas que ten adoptado para solucionar este problema.

Polo dito fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

- 1.<sup>a</sup>) Cal foi o número de mulleres que ao longo do ano 2009 se lles recoñeceu o dereito a acceder á axuda periódica para vítimas de violencia de xénero, coñecida como salario da liberdade?
- 2.<sup>a</sup>) Existen atrasos no ano 2009 no pagamento destas axudas?
- 3.<sup>a</sup>) Cantas mulleres se ven afectadas por estes atrasos? Canto tempo levan agardando polo pagamento destas axudas?
- 4.<sup>a</sup>) Que medidas adoptou a Xunta para solucionar esta situación?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

5.ª) Cal é a partida orzamentaria que recollen os orzamentos do ano 2010 para esta axuda? Trátase dun crédito ampliábel?

6.ª) Que cantidade destinou a Xunta de Galiza nos anos 2007, 2008 e 2009 ao remate do exercicio orzamentario ao pagamento destas axudas?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 18/03/2010 19:05:06**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás axudas que ten previsto convocar a Secretaría Xeral de Igualdade no ano 2010.

Á data de formulación desta iniciativa, a Secretaria Xeral de Igualdade non ten procedido á convocatoria de ningunha orde de axudas. Semella que as promesas de celeridade e mellora da xestión e eficacia do monogoberno, non se verifican na realidade. Consideramos importante coñecer a planificación, tanto en contido como prazos, que manexa o actual executivo en relación coas ordes de axudas que ten previsto publicar a Secretaría Xeral de Igualdade.

Polo dito, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Que ordes de axudas ten previsto publicar a secretaria Xeral de Igualdade en execución do orzamento do ano 2010?
- 2.ª) Que obxectivos pretende acadar a Xunta de Galiza con estas ordes de axudas ao longo do ano 2010?
- 3.ª) En que prazo ten previsto a Xunta de Galiza que estas ordes de axudas estean publicadas no Diario Oficial de Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bug@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 18/03/2010 19:10:19**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

**José Manuel Balseiro Orol, Marta Rodríguez Arias, Marisol Piñeiro Martínez, José Fervenza Costas, Rosa Oubiña Solla, Angeles Díaz Pardo e Javier Escribano Rodríguez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión**.

O furtivismo é unha ameaza polos seus efectos perniciosos sobre o recurso e sobre as economías familiares daqueles que exercen a súa actividade legalmente. Traballar na desaparición desta lacra é un dos obxectivos fundamentais do novo Goberno galego que, a través do servizo de Gardacostas de Galicia combate a acción daqueles que, por unha razón ou por outra, esquilman o futuro do mar de Galicia.

A Consellería do Mar está a desenvolver, desde o mes de xullo de 2009, un ambicioso plan de coche que pretende minimizar a acción dos furtivos. Deste xeito estase a dar prioridade aos que traballan dunha maneira honrada e organizada, respectando as normas e colaborando por dar viabilidade á actividade.

O Plan naceu ademais do común esforzo de moita xente, empezando polos axentes do Servizo de Gardacostas, os membros dos corpos e forzas de seguridade do Estado e da Policía Autonómica –tras a recuperación das patrullas conxuntas eliminadas de facto polo bipartito- e, sobre todo, das confrarías e organizacións profesionais, principalmente aquelas con maior influencia e representación no eido marisqueiro.

A Consellería do Mar procedeu a dividir a costa galega en cinco zonas, a nivel operativo, para desenvolver unha acción específica en cada unha delas. Estas zonas son:





## Grupo Parlamentario Popular de Galicia

- Zona I: Costa da Morte, entre Malpica e Fisterra
- Zona II: Arco Ártabro, entre Prior e Caión
- Zona III: Cantábrico e Ortegal, desde Ribadeo a Cedeira
- Zona IV: Barbanza e Arousa, desde Lira ata O Grove
- Zona V: Sur, desde Bueu ata a Garda

A idea básica é que o un por cen dos furtivos non pode deixar sen futuro ao 99% dos mariñeiros e mariscadoras honestos e concienciados.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

¿Que valoración e balance fai a Consellería do Mar do funcionamento do Plan de Loita contra o furtivismo posto en marcha no mes de xullo de 2009?

Santiago de Compostela, a 22 de marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 22/03/2010 10:22:12**

**Marta Rodríguez Arias na data 22/03/2010 10:22:19**

**María de la Soledad Piñeiro Martínez na data 22/03/2010 10:22:23**

**José Fervenza Costas na data 22/03/2010 10:22:31**

**Rosa Oubiña Solla na data 22/03/2010 10:22:36**

**María Ángeles Díaz Pardo na data 22/03/2010 10:22:45**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/03/2010 10:23  
**Nº Rexistro: 29099**  
Data envío: 22/03/2010 10:23:47.002

**Javier Escribano Rodríguez na data 22/03/2010 10:22:53**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n  
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: [gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

**Alejandro Gómez Alonso e Manuel S. Ruiz Rivas** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión**.

No ano 2003 aprobouse un trazado para a Variante de Noia que servía para eliminar a maior parte dos tráficoos que actualmente colapsan o casco urbano da vila e que canalizaban os tráficoos que de Santiago, éo interior diríxense o zona sur da ría.

O trazado aprobado polo anterior goberno do Partido Popular, contaba coa correspondente declaración de impacto ambiental-positiva (DIA), polo que trala redacción do correspondente proxecto constructivo, iniciouse o proceso expropiatorio mediante el correspondente Decreto 175/2005.

Co cambio de goberno no ano 2005 o bipartito, argumentaba que a solución elixida non artellaba de maneira axeitada o territorio e consideraba que o impacto ambiental non era admisible, polo que acordou deixar sen efecto a declaración de utilidade pública, paralizando o proceso e retornando o punto inicial.

Para tomar a decisión o pasado departamento de Obras Públicas, limitábase a argumentar unha articulación territorial e un impacto ambiental negativo, pero descoñécense os estudos e análises dos que dispuña o pasado executivo para fundamentar a súa decisión.

Esta foi o principal argumento da Xunta de Galicia gobernado polo Partido Socialista, para anular o expediente da ponte, nembargantes hai que subliñar que a variante tramitada polo anterior goberno do Partido Popular contaba coa correspondente declaración de impacto ambiental.



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

E por iso o actual goberno do Partido Popular, decidiu retomala tramitación da construción da variante no proceso expropiatorio aprobado polo Decreto 175/2005, así como o expediente de adscrición do dominio público marítimo terrestre, co fin de iniciar a construción do proxecto da ponte da variante de Noia.

Polo tanto, os deputados que asinan, presentan as seguintes preguntas.

- 1.- ¿Cal e o estado de tramitación actual do proxecto da ponte da variante de Noia?
- 2.- ¿Cando ten previsto adxudicar o proxecto e iniciar as obras?.
- 3.- ¿Cal e data de posta en servicio da variante da ponte sobre a ría de Noia?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:18:22**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 22/03/2010 11:18:29**



## *Grupo Parlamentario Popular de Galicia*

### **Á Mesa do Parlamento**

**Alejandro Gómez Alonso**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión**.

Esta claro que en Galicia existen dúas maneiras de ver as infraestructuras, xa que mentres que para o Partido Popular estas son un elemento indispensable para a dinamización económica e vertebración territorial do noso país, para o Partido Socialista sempre foron unha escusa coa cal facer electoralismo político.

Como mostra dos distintos modelos de entender a política de fomento de obra pública, tan so basta con comparar os primeiros 8 meses do bipartito a fronte da Xunta de Galicia, onde so foi quen de licitar 41 millóns de euros, fronte os 390 millóns de euros do grupo Mati, é dicir, un 849 % máis.

Polo tanto o que e medible non é opinable, así como tampouco e discutible o feito de que o longo da pasada lexislatura máis de 310 kms. de vías de alta capacidade foron paralizadas ou atrasadas por un bigoberno que non foi quen de xestionar nin sacar adiante o plan de obras aprobado polo anterior goberno do Partido Popular.

E obvio polo tanto que esta falla de inversión puxo a Galicia nunha situación máis difícil fronte a crise actual, de teres os galegos estas infraestructuras en servizo, evidentemente hoxe Galicia estaría mellor preparada para afrontar a crise económica, estaríamos en termos de competitividade mellor posicionados para saír da crise o antes posible.

Polo tanto, o deputado asinante, formula a seguinte pregunta.



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

¿Cales son as previsións de licitación de obra pública da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras para o ano 2010 ?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:20:34**



## **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

### **Á Mesa do Parlamento**

**Alejandro Gómez Alonso e Román Rodríguez González, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

No pasado período de sesións da presente lexislatura, o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras dou conta no Parlamento de Galicia do Plan de Obras da Xunta de Galicia para os vindeiros anos.

O Plan Move, e un instrumento de planificación fundamentalmente viario, pensado con perspectiva e a cinco anos vista, e que pretende dar por enterrada dun xeito definitivo a Galicia das corredeiras para entrar de cheo na Galicia das altas prestacións.

Tal e como explicou o Conselleiro neste parlamento, o Plan Move prevé duplicar o número de kms. de vías de altas prestacións, fixar a inversión en gasto productivo e investir 4.192 millóns de euros, o cal supón investir en estradas durante un lustro, o 100% do orzamento de Navarra do pasado ano 2009, e tres veces o que tivo La Rioja no pasado exercicio orzamentario.

Polo tanto, os deputados que asinan esta iniciativa, formulan a seguinte pregunta.

¿Cales son as actuacións a desenvolver dentro do Plan Move para o ano 2010?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:25:47**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n  
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA





**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/03/2010 12:18**  
**Nº Rexistro: 29112**  
Data envío: 22/03/2010 12:18:15.448

**Román Rodríguez González na data 22/03/2010 11:26:00**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n  
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: [gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



## **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

### **Á Mesa do Parlamento**

**Alejandro Gómez Alonso, Román Rodríguez González e Jaime Castiñeira Broz**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en comisión**.

A iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, aprobouse no pasado período de sesións da presente lexislatura unha Proposición Non de Lei, para instar a Xunta de Galicia a negociar co Ministerio de Fomento a construción dunha autovía de Pontevedra a Lugo pasando polos concellos de Cerdedo e Lalín, para ser incluída no marco do novo Plan Estratéxico de Infraestructuras (PEIT) .

Polo anteriormente exposto, é polo que se presentan as seguintes preguntas.

1.-¿Cales son as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia fronte ao Ministerio de Fomento para que se aprobe a construción dunha Autovía de Pontevedra a Lugo pasando por Cerdedo e Lalín, no novo Plan Estratéxico de Infraestructuras Terrestres (PEIT) ?

2.- ¿Cal e a posición do Ministerio de Fomento sobre a inclusión desta autovía no novo PEIT ?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:29:59**

**Román Rodríguez González na data 22/03/2010 11:30:09**

**Jaime Castiñeira Broz na data 22/03/2010 11:30:16**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

**Alejandro Gómez Alonso, Ignacio J. López Chaves-Castro e José Fervenza Costas**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión**.

O transporte marítimo na ría de Vigo regulouse, inicialmente, pola Lei 4/1999, do 9 de abril, de declaración de servizo público de titularidade da Xunta de Galicia do transporte marítimo de viaxeiros na ría de Vigo, que fora aprobada por unanimidade do Parlamento de Galicia.

Nesa norma prevíase que este servizo público sería xestionado pola administración indirectamente, a través da modalidade de concesión administrativa, que foi adxudicada á empresa Naviera Mar de Ons.

Respecto desta lei, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea dictou unha sentenza na que se declara a súa incompatibilidade co regulamento, o que determinou a necesidade de adaptar a normativa autonómica ao marco de libre prestación de servizos de cabotaxe xa vixente en 1999.

O cumprimento do mandato dado polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea formalizouse a través da Lei 2/2008, do 6 de maio, pola que se desenvolve a libre prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia, que entrou en vigor en agosto do ano 2008.

En desenvolvemento desa lei, aprobouse polo Consello da Xunta de Galicia o Decreto 228/2008, do 2 de outubro, sobre a prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia.

A liberalización do tráfico de viaxeiros na ría de Vigo tivo unha serie de consecuencias, entre as que se poderían destacar tres.

  
**Grupo Parlamentario**  
**Popular de Galicia**

En primeiro lugar, a revogación e declaración de nulidade de pleno dereito, en xullo de 2008, da concesión outorgada á empresa que na actualidade presta o servizo, é dicir, Naviera Mar de Ons. Esta actuación vén de ser avalada recentemente polo Consello Consultivo de Galicia.

En segundo lugar, e derivado do anterior, a empresa Naviera Mar de Ons presentou unha reclamación de responsabilidade patrimonial á Xunta de Galicia.

En terceiro lugar, e cunha considerable repercusión social, a empresa antes indicada suprimiu no ano 2009 o servizo Vigo-Moaña os fins de semana e anunciou a súa supresión total e a do segundo barco entre Vigo e Cangas pola tarde a curto prazo.

Polo tanto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas.

- 1.- ¿Que medidas adoptou a Xunta de Galicia para garantir a necesaria mobilidade dos viaxeiros entre as dúas marxes da ría de Vigo, é dicir, entre Vigo e Cangas e Moaña ?
- 2.- ¿Iniciou contactos coa UE co fin de garantir o apoio das institucións comunitarias ante o escenario da aprobación dun novo marco legal?.
- 3.- ¿Cales foron as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia cos concellos afectados para garantir a viabilidade do transporte marítimo da Ría de Vigo?



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

- 4.- ¿Esta disposta a Xunta de Galicia a modificar ou aprobar unha nova Lei de transporte marítimo de augas interiores de Galicia?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:34:38**

**Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 22/03/2010 11:34:48**

**José Fervenza Costas na data 22/03/2010 11:34:56**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

**Alejandro Gómez Alonso e Román Rodríguez González,** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

Na lexislatura pasada a política seguida polo goberno bipartito, xunto coa anterior responsable do Ministerio de Fomento, de facer anuncios sobre a posta en servizo do ave do noso país que nunca se cumpriron, trouxo como resultado unha perda de confianza da sociedade galega sobre a chegada da alta velocidade a Galicia nun prazo crible.

Por elo o acordo asinado o 21 de xullo do ano 2009 entre o Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo e o Ministro de Fomento, José Blanco sobre o desenvolvemento da rede ferroviaria de alta velocidade , foi acollido positivamente pola sociedade galega, xa que, esta esixía un acordo formal e crible para a chegada do ave ao noso país.

Dende a sinatura dese acordo, celebrouse a primeira xuntanza formal da comisión de seguimento da cal forman parte os tres grupos parlamentarios da Cámara galega.

Por todo isto os deputados asinantes, presentan as seguintes preguntas.

- 1.- ¿Cal e a valoración da Xunta de Galicia sobre o grado de cumprimento do Pacto do Obradoiro para o impulso do ave galego?
- 2.- ¿Cales son as actuacións a desenvolver por parte do Ministerio de Fomento para dar cumprimento o Pacto do Obradoiro no ano 2010 ?



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:38:40**

**Román Rodríguez González na data 22/03/2010 11:38:47**





## **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

### **Á Mesa do Parlamento**

**Alejandro Gómez Alonso, Manuel S. Ruiz Rivas e Román Rodríguez González**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión**.

Na pasada lexislatura a política de peaxes do bipartito foi moi criticada pola nosa formación política e reiteramos en máis dunha ocasión que non podía haber cidadáns de primeira e cidadáns de segunda en materia de peaxes.

Nembargantes nesta lexislatura comprobamos que existe un compromiso claro por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de traballar para corrixir unha política errática do bipartito en relación as peaxes das autoestradas galegas.

Polo anteriormente exposto, os deputados asinantes formulamos as seguintes preguntas.

- 1.- ¿Cal é o número de usuarios beneficiados pola aplicación desta nova política de peaxes ?
- 2.- ¿Cales son os descontos que se están a aplicar e en que vías de altas prestacións?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n  
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/03/2010 12:23**  
**Nº Rexistro: 29128**  
Data envío: 22/03/2010 12:23:51.113

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 12:01:08**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 22/03/2010 12:01:14**

**Román Rodríguez González na data 22/03/2010 12:01:21**

## Á Mesa do Parlamento

**José Tomé Roca**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, dirixida á Sra. conselleira de Traballo e Benestar.

En datas recentes, a páxina web do Partido Popular de Galicia, contiña unha información de autopropaganda referida ao ano de Goberno ao fronte da Xunta de Galicia do Sr. Feijóo, denominada “un ano dez para Galicia”, na que aparecen e se enumeran dez feitos que supostamente melloran Galicia, pero nesas dez pretendidas melloras, non aparece nada relacionado coa área de traballo da Consellería de Traballo e Benestar.

Por todo o anteriormente exposto, o deputado que asina, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Cal é o motivo de que o propio Partido Popular, o seu partido, obedecendo ordes do Presidente, non reflicta ningunha actuación ou logro da Consellería de Traballo e Benestar en materia de emprego a pesar da crise?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2010

Asdo: José Tomé Roca  
Deputado do G. P. dos Socialistas de Galicia.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Tomé Roca na data 22/03/2010 12:28:22**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**José Tomé Roca, Abel Losada Alvarez, María Soledad Soneira Tajés e María Quintas Alvarez**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa **resposta oral na Comisión 6ª**, Industria, Enerxía e Turismo.

No pasado mes de xaneiro de 2010, pecharon en Galicia 188 empresas, un 82,5% máis que no mesmo mes de 2009, a inmensa maioría das sociedades, 165 empresas, remataron a súa actividade de forma voluntaria, 16 por fusión e 7 por outros motivos, mentres que no conxunto de España a liquidación de sociedades só se incrementou nun 5,7% no mesmo período de tempo.


Ante esta situación os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Como valora vostede estes datos en comparación co mesmo mes de 2009?
- 2.ª) A que cre que foi debido este forte incremento de peche de empresas dende que está o actual Goberno da Xunta?
- 3.ª) Como afectou esta situación ao emprego en Galicia?
- 4.ª) Cantos postos de traballo se perderon co remate da actividade destas empresas?
- 5.ª) Como afectou isto ás distintas provincias galegas?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2010

Asdo: José Tomé Roca.  
Abel Losada Alvarez  
María Soledad Soneira Tajés  
María Quintas Alvarez  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**José Tomé Roca na data 22/03/2010 12:32:25**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/03/2010 12:32:29**

**Marisol Soneira Tajés na data 22/03/2010 12:32:43**

**María Remedios Quintas Álvarez na data 22/03/2010 12:32:55**

.....  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
.....



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

**Ignacio J. López Chaves-Castro, Rosendo L. Fernández Fernández, Agustín Baamonde Díaz, Cristina Romero Fernández, José Fervenza Costas, Antonio Rodríguez Miranda e Yolanda Díaz Lugilde,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

Un dos principios que aos que están suxeitos os medios públicos autonómicos de Galicia é o do tratamento neutral das informacións e o respecto á pluralidade política dentro do lóxico respecto á representatividade que teñen os distintos partidos e representantes. Recentemente téñense dado a coñecer desde a oposición supostos informes sobre a pluralidade dos informativos na Televisión de Galicia nos que se aseguraba que Alberto Núñez Feijoo acaparou no mes de xaneiro o 80% da información política na TVG, informes que por outra parte xamáis foron entregados para o coñecemento público pero sí divulgadas as súas pretendidas conclusións, que en realidade eran consignas para favorecer a confusión mediática e desacreditar o labor da propia CRTVG. Entre outras consignas, atribuíase tamén ó actual equipo xestor unha caída da audiencia do 15% nos informativos.

Por todo isto, os deputados asinantes formulamos as seguintes preguntas:

- 1.- ¿Cal foi en xaneiro a presenza de Alberto Núñez Feijoo no conxunto da información política recollida na TVG? ¿Foi en realidade o 80% profusamente anunciado desde a oposición?
- 2.- ¿Cal foi nese tempo o reparto de tempos dedicado a cada unha das principais forzas políticas nos informativos da TVG?



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

3.- ¿Que balance fai da evolución da audiencia dos informativos da TVG no tempo da súa xestión?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 22/03/2010 13:26:13**

**Rosendo Luis Fernández Fernández na data 22/03/2010 13:26:21**

**Agustín Baamonde Díaz na data 22/03/2010 13:26:29**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 22/03/2010 13:26:39**

**José Ferverza Costas na data 22/03/2010 13:26:47**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 22/03/2010 13:26:58**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 22/03/2010 13:27:04**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/03/2010 13:43  
Nº Rexistro: 29150  
Data envío: 22/03/2010 13:43:13.522

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Luisa Bouza Santiago e Carlos Aymerich Cano**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta na Comisión 5.<sup>a</sup>**, relativa ás discrepancias entre as valoracións realizadas polos distintos servizos de inspeccións do SERGAS sobre a aptitude de persoas con algunha discapacidade para a obtención do permiso de conducir.

A proba psicotécnica realizada nun centro externo, obrigatoria para a obtención dun permiso de conducir, debería reflexar, cando existe, o tipo de discapacidade e, en base a ese documento a inspección do SERGAS emitir un informe no que se especifican as modificacións técnicas necesarias de adaptación. Se fora o caso, existe unha proba previa ao exame práctico onde se determina se a persoa pode ou non conducir, pero esta realízase cando xa se ten invertido diñeiro e tempo na formación.

A realidade é que non sempre se reflexa a discapacidade existente no certificado inicial e que cando se fai, non existe un protocolo claro que faga que ante a mesma descrición de discapacidade se obteña o mesmo resultado de aptitude.

A asociación COGAMI ven de denunciar os distintos criterios nas valoracións realizadas para as mesmas persoas entre as inspeccións de Lugo e A Coruña, o que as ten obrigado a trasladarse á Coruña para examinarse.

Por este motivo, o Grupo Parlamentar do BNG realiza as seguintes preguntas:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/03/2010 13:43  
Nº Rexistro: 29150  
Data envío: 22/03/2010 13:43:13.522

- 1) Ten coñecemento o Goberno galego das denuncias da asociación COGAMI sobre a diferenza de valoracións de aptitude para conducir de persoas con discapacidade entre as inspeccións do SERGAS de Lugo e A Coruña?
- 2) Qué medidas ten previsto o Goberno galego para resolver estas diferenzas e unificar os criterios de valoración entre todos os servizos de Inspección do SERGAS que realizan esta función?
- 3) Ten previsto o Goberno galego poñer en marcha algún sistema para informar con tempo daquelas discapacidades que inhabilitan para a obtención do permiso de conducir e evitar un gasto inútil de tempo e diñeiro?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Carlos Aymerich Cano

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 22/03/2010 13:37:24**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 22/03/2010 13:37:32**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/03/2010 17:44  
Nº Rexistro: 29171  
Data envío: 22/03/2010 17:44:36.994

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Luisa Bouza Santiago e Fernando X. Blanco Álvarez**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**, relativa á asunción por parte dos centros de saúde da citación telefónica.

Nos pasados días, centros de saúde de Lugo recibiron a orde da xerencia de Atención Primaria de realizar de novo a citación telefónica, que estaba a realizar a central de chamadas.

A derivación, no seu día, da tarefa da citación telefónica á central de chamadas permitiu que o persoal administrativo ampliara as tarefas realizadas nos centros redundando nun mellor funcionamento dos mesmos. Retomar a función de citación telefónica vai supoñer unha carga extra de traballo sen aportación por parte da xerencia de máis recursos.

Por este motivo o Grupo Parlamentar do BNG quixera realizar as seguintes preguntas:

1. Qué motivos ten o Goberno galego para derivar a centros de saúde de Lugo a citación telefónica?
2. Ten intención o Goberno galego de xeneralizar a derivación desta función aos centros de saúde de todo o País?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/03/2010 17:44  
Nº Rexistro: 29171  
Data envío: 22/03/2010 17:44:36.994

3. Qué valoración fai o Goberno galego do funcionamento da central de chamadas e qué previsións de futuro ten para este servizo?
4. Que incremento de persoal ten previsto o Goberno galego realizar nos Centros de saúde que deban asumir de novo esta función?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Fernando Xabier Blanco Álvarez

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 22/03/2010 17:42:14**

**Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 22/03/2010 17:42:24**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 23/03/2010 09:30  
**Nº Rexistro: 29181**  
Data envío: 22/03/2010 18:59:05.210

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa aos anuncios institucionais do Goberno galego que exclúen a lingua propia de Galiza en emisoras radiofónicas.

O Goberno galego está a emitir a través de emisoras radiofónicas anuncios institucionais, oficiais, que discriminan gravemente a lingua galega. Os inserimentos publicitarios, integramente en español, teñen a ver co anunciado fin da televisión analóxica e a súa substitución polo TDT, co obxecto de apercibir á audiencia do previsíbel e inminente “apagón” analóxico.

Descoñece o BNG os motivos técnicos que levan ao Goberno galego a prescindir do noso idioma na información que traslada a través dos medios de comunicación. Unicamente poden ser razóns de carácter ideolóxico-político, vinculadas á cruzada contra a lingua e cultura do noso país emprendida polo Goberno do Partido Popular desde que accedeu á Xunta.

Este Goberno, con tal de combater e eliminar a lingua galega de calquera esfera ou ámbito público, está disposto absolutamente a todo. Mesmo a conculcar a propia legalidade vixente e, por suposto, a vulnerar o dereito do pobo galego a recibir información no idioma propio da súa Terra.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/03/2010 09:30  
Nº Rexistro: 29181  
Data envío: 22/03/2010 18:59:05.210

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Considera o Goberno galego que a lingua galega non é apta para emitir informacións oficiais en emisoras radiofónicas sobre a nova entrada en vigor da TDT?

2.<sup>a</sup>) Por que motivo exclúe a lingua galega?

3.<sup>a</sup>) Cal é o volume de recursos económicos destinados a esta campaña “informativa”?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 22/03/2010 18:51:43**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

**Rosendo-Luís Fernández Fernández, Miguel A. Santalices Vieira, Dámaso López Rodríguez, Yolanda Díaz Lugalde e José Manuel Baltar Blanco**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión**.

Os titulares son elocuentes. O día tres de Marzo o Complexo Hospitalario de Ourense”, o CHOU, deu a coñecer, facendo unha demostración práctica dunha reanimación cardiopulmonar básica(RCPB), a primeira Escola Galega de Familiares de Enfermos Cardíacos. O obxectivo final é tratar de evitar mortes por falta de atención nos primeiros minutos dunha parada cardiorrespiratoria.

Segundo as informacións, a Escola estará atendida por persoal facultativo de Medicina Intensiva. E, tamén, na primeira fase da súa implantación incluírá a familiares de pacientes ingresados. Estes familiares aprenderán a pór en marcha a chamada cadea de supervivencia, etc., etc.

Aos asinantes lles parece que o que se acaba de crear, aparte de ser pioneira, por “abrir a institución á cidadanía, tamén recoñecen que resulta para contribuír a salvar vidas. É polo que preguntan:

- 1.- ¿Que valoración fai a Consellería de Sanidade sobre esta Escola creada no CHOU?
- 2.- ¿Pensa estender esta iniciativa aos demais centro hospitalarios de Galicia?
- 3.- ¿Cre oportuna, a Consellería, que ademais de instruír nas técnicas cardiorrespiratorias aos familiares de pacientes ingresados, tamén se lles dea a oportunidade aos familiares de enfermos de corazón?



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

Santiago de Compostela, 23 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosendo Luis Fernández Fernández na data 23/03/2010 9:58:37**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 23/03/2010 9:58:40**

**Dámaso López Rodríguez na data 23/03/2010 9:58:45**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 23/03/2010 9:58:50**

**José Manuel Baltar Blanco na data 23/03/2010 9:58:57**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Henrique Viéitez Alonso e Carlos Ignacio Aymerich Cano**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta con resposta oral en Comisión**, relativa ao centro de día de Mondariz.

Construído polo Goberno Galego anterior, a construción do centro de día de Mondariz tivo un orzamento total de 1.131.007 euros, cunha participación do propio Concello de da Deputación Provincial de Pontevedra.

Feito para dar resposta a unha demanda das persoas cunha situación de dependencia e para favorecer a estancia no propio entorno e a integración social, foi realizado para dar un servizo de benestar cunha capacidade de 40 prazas.

A data de hoxe, fai mais dun ano que esta rematado e nin o alcalde nin o novo xerente do Consorcio Galego de Benestar son quen de informar cando vai ser posto en marcha nin con que criterios vai procederse a súa apertura.

Fronte ao anuncio de inicio de novos centros dos cales moitos non teñen nin tan sequera proxecto, parece do máis lóxico e razoábel que se abran os xa construídos, caso do de Mondariz, e dar así unha resposta acaída e en tempo e forma.

Dadas as repercusións graves que xa esta xerando esta inacción é polo que formulamos a seguinte pregunta con resposta oral en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- 1ª) Coñece o Goberno Galego a situación do centro de día en Mondariz?
- 2ª) Cales son as razóns polas que non se equipa e se abre dito centro de día?
- 3ª) É certo que ten pensado privatizar o centro de día de Mondariz? De ser afirmativo, cales son ou van ser os criterios que utilizara para dita privatización?
- 4ª) No caso de privatizalo, quen vai prestar o servizo, en que condicións e cal vai ser a calidade do mesmo?
- 5ª) Vai repercutir nalgún aspecto a prestación que se lle vai dar as persoas usuarias? No caso de ser certo, en que vai repercutir?
- 6ª) En definitiva, cales son as previsións feitas polo Goberno Galego para a súa equipación, apertura e posta en marcha?.

Santiago de Compostela, 22 de Marzo do 2010.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

**Carlos Aymerich Cano**

Deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Henrique Viéitez Alonso na data 23/03/2010 10:46:04**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 23/03/2010 10:46:09**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es


15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Henrique Viéitez Alonso**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta con resposta oral na Comisión 6ª (Industria, Enerxía, Comercio e Turismo)**, relativa aos parques eólicos autorizados polo Goberno Galego actual.

Nas pasadas semanas apareceron diversas novas en prensa escrita referentes á potencia eólica desenvolvida en Galiza durante o ano 2009. En función das fontes citadas polos xornais, a información variaba entre os 91 MW instalados, segundo a Asociación Empresarial Eólica, e 220 MW autorizados aos que facía referencia a Consellaría de Economía e Industria.

Tal e como nos teñen acostumados desde o goberno da Xunta, semella que a cualificación de certas actuacións mediante o emprego de adxectivos imprímelle á actividade de que se trate unha contundencia da que carece *per se*.. Pois ben, nesta liña tras o que se agocha unha carencia total de obxectivos programáticos de goberno ou o que é o mesmo, unha ausencia total de rumbo deste goberno que padecemos, atopamos xunto a conceptos como “concurso ilegal” o termo “parálise eólica”. Tamaño achado é cando menos merecente dunha certa atención por parte do Parlamento, xa que constitúe unha achega ao noso acervo xurídico-administrativo só comparable á declaración de ilegalidade do coñecido como “concurso eólico” sen mediar provocación, ou sexa sen resolución expresa dos recursos administrativos nin base xurídica para unha revisión de oficio e, por suposto, sen que ningún tribunal de Xustiza se teña pronunciado sobre a cuestión. En calquera caso, atribuírense as funcións que lles



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

corresponden aos xuíces forma parte do modo “singular” en que o Sr. Feijóo e o seu goberno entenden a separación de poderes nunha democracia.

Por todo isto, cómpre aclarar o concepto “*parálise eólica*”, sobre todo polo que afecta ao BNG, xa que afirma a Consellería de Economía e Industria que se trata dunha herdanza do anterior executivo. Non sendo coñecedores de ningunha afección con ese nome, e polo que dende o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego formulamos as seguintes preguntas:

- 1ª) Cal é o significado do concepto “*desatascar a parálise eólica*”?
- 2ª) Cales foron os parques eólicos autorizados pola Xunta de Galicia nos meses que imos de lexislatura?
- 3ª) Cal é a potencia coa que cada un destes parques foi admitido a trámite e que potencia total recolle cadansúa resolución de autorización administrativa? Cal é o modelo de aeroxerador e a potencia nominal unitaria que cada autorización e/ou aprobación de proxecto de execución recolle?
- 4ª) Cales eran, para cada un dos parques, os trámites, documentación ou requisitos pendentes para o outorgamento da autorización administrativa?
- 5ª) En que se concretou, para cada parque en tramitación, a aplicación da máxima “*dilixencia e celeridade*” coa que a Consellería afirma que traballou?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo do 2010

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Deputado do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Henrique Viéitez Alonso na data 23/03/2010 12:13:42**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/03/2010 16:30  
Nº Rexistro: 29228  
Data envío: 23/03/2010 14:03:02.041

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás razóns que levaron á Consellaría do Mar a eliminar a veda do polbo no litoral galego no ano 2010.

A Consellaría do Mar ven de anular a posibilidade de realizar unha veda do polbo no litoral galego no ano 2010. O argumento de fondo é que “o polbo está recuperado”, cando até hai ben pouco había unha situación absolutamente crítica, constatábel oficialmente na fortísima diminución de vendas en lonxa desta especie.

Porén, a Consellaría do Mar, como xa fixo o pasado ano 2009 “por falta de tempo” (afirmouse daquela), eliminou novamente a veda do ano 2010. Se cadra, é esta a demostración da tan cacarexada política de “austeridade” do Goberno do Partido Popular, aforrando cartos que irían destinados aos mariñeiros afectados pola veda. Velaí a auténtica motivación que fundamenta esta decisión da Consellaría do Mar.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Pesca e Marisqueo:

1.<sup>a</sup>) Que informes ou estudos científicos posúe a Consellaría do Mar para fundamentar a suposta recuperación do polbo no litoral galego?



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2.<sup>a</sup>) Non é lóxico pensar que un paro biolóxico subsidiado contribuiría a mellorar a situación desta especie?

3.<sup>a</sup>) Que datos dispón, por lonxas, sobre a evolución das descargas desta especie?

4.<sup>a</sup>) Que medidas adoptará para a recuperación produtiva do polbo?

5.<sup>a</sup>) Ten previsto reconsiderar a decisión de anular a veda?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 23/03/2010 14:00:41**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Sonia Verdes Gil e Marisol Soneira Tajés**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

No DOG do venres 26 de febreiro de 2010 a Consellería de Medio Rural publicaba a Orde do 22 de febreiro de 2010, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2010.

Dentro da devandita Orde de axudas inclúense as axudas de indemnización compensatoria dirixidas a agricultores cuxa actividade agraria radica nas zonas desfavorecidas de montaña ou zonas distintas da montaña, e cumpren unha serie de requisitos establecidos na devandita orde, sendo a contía mínima de indemnización compensatoria 300 euros, e a máxima de 2.500 euros por explotación.

Na dita orde de axudas, introdúcese unha diferenza nas superficies consideradas en cada categoría de aproveitamentos, incorporando aos pastos arbustivos e aos prados con arboredo un coeficiente redutor de 0,15.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Que valoración fai o Goberno galego respecto das modificacións introducidas na orde de axudas de indemnización compensatoria, dirixida a agricultores cuxa actividade agraria radica nas zonas desfavorecidas de montaña ou en zonas distintas da montaña?

2.<sup>a</sup>) De que xeito afectarán, respecto da contía das axudas, as modificacións introducidas?





Grupo Parlamentario

3.<sup>a</sup>) Que zonas serán as maioritariamente afectadas por tales modificacións?

4.<sup>a</sup>) Que valoración fai o Goberno galego respecto dos efectos, dende o punto de vista económico e medioambiental, consecuencia das modificacións introducidas?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2010

Asdo: Sonia Verdes Gil  
Marisol Soneira Tajés  
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Verdes Gil na data 23/03/2010 16:58:58**

**Marisol Soneira Tajés na data 23/03/2010 16:59:04**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Ricardo Varela Sánchez, José Manuel Lage Tuñas, Pablo Xabier López Vidal e Silvia Fraga Santos**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

Con motivo dos datos coñecidos sobre as presenzas dos partidos políticos no mes de xaneiro de 2010, o PSdeG fixo unha rolda de prensa para dar a coñecer a discriminación e a censura que está a aplicar nos seus informativos a Radiotelevisión pública galega.

Confirmando o motivo da dita comparecencia a Televisión Galega censurou a denuncia do PSdeG non dando, ao contrario da maioría dos medios de comunicación, ningunha información de dita rolda de prensa.

Polo exposto, os deputados e deputada asinantes formulan a seguinte pregunta:

Que valoración fai a Dirección da TVG ante esta censura á que se someteu a información dada polo PSdeG?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2010

Asdo.: Ricardo Varela Sánchez  
José Manuel Lage Tuñas  
Pablo Xabier López Vidal  
Silvia Fraga Santos,  
Deputados e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Ricardo Jacinto Varela Sánchez na data 23/03/2010 16:45:18**

**José Manuel Lage Tuñas na data 23/03/2010 16:45:32**



---

Grupo Parlamentario

**Pablo Xabier López Vidal na data 23/03/2010 16:45:44**

**Silvia Belén Fraga Santos na data 23/03/2010 16:45:50**

.....  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
.....



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Ricardo Varela Sánchez, José Manuel Lage Tuñas, Pablo Xabier López Vidal e Silvia Fraga Santos**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

Os resultados da presenza dos partidos políticos e os líderes das distintas forzas nos informativos da Televisión Galega, no mes de xaneiro de 2010, ofrecen uns curiosos resultados en nada consoantes co nivel de representación que os distintos partidos políticos teñen no ámbito autonómico ou no conxunto do Estado.

Polo exposto, os deputados e deputada asinantes formulan a seguinte pregunta:

Que valoración fai a Dirección da RTVG sobre estes datos de presenza dos partidos políticos nos informativos da Televisión de Galicia?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2010

Asdo.: Ricardo Varela Sánchez  
José Manuel Lage Tuñas  
Pablo Xabier López Vidal  
Silvia Fraga Santos,  
Deputados e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Ricardo Jacinto Varela Sánchez na data 23/03/2010 17:00:36**

**José Manuel Lage Tuñas na data 23/03/2010 17:00:52**

**Pablo Xabier López Vidal na data 23/03/2010 17:00:57**



---

Grupo Parlamentario

**Silvia Belén Fraga Santos na data 23/03/2010 17:01:01**

-----  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
-----

  
**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

**Rosendo-Luis Fernández Fernández, Miguel A. Santalices Vieira, Dámaso López Rodríguez, José Manuel Baltar Blanco e Yolanda Díaz Lugilde, deputados e deputada do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.****

No Consello da Xunta do 11/03/2010, aprobouse o Decreto para o nomeamento de persoal emérito no ámbito sanitario. Con este texto preténdese recoñecer o prestixio de profesionais sanitarios xubilados e facilitar, durante o período de tempo establecido e mentres as súas condicións de saúde o permitan, a existencia dunha relación activa coa institución sanitaria.

O Decreto será de aplicación ao persoal licenciado en medicina e cirurxía que cese como estatutario fixo ao acceder á condición de xubilado, que teña unha traxectoria especialmente distinguida na asistencia, na docencia ou na investigación sanitaria e que estivera prestando os seus servizos no Servicio Galego de Saúde no momento da súa xubilación.

Polo anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas a Consellería de Sanidade:

- 1.- ¿Cal é o obxecto do Decreto?
- 2.- ¿Cales van ser os méritos para o nomeamento?
- 3.- ¿Cales van ser as funcións a realizar por este persoal emérito?
- 4.- ¿Se determinarán gratificacións para este persoal?

Santiago de Compostela, 23 de Marzo de 2010



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosendo Luis Fernández Fernández na data 23/03/2010 17:54:15**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 23/03/2010 17:54:18**

**Dámaso López Rodríguez na data 23/03/2010 17:54:22**

**José Manuel Baltar Blanco na data 23/03/2010 17:54:29**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 23/03/2010 17:54:33**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

**Rosendo-Luis Fernández Fernández, Miguel A. Santalices Vieira, Dámaso López Rodríguez, Yolanda Díaz Lugalde e José Manuel Baltar Blanco**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión**.

Segundo se puido saber, a Consellería de Sanidade ten intención, e mesmo empezou a traballar, no deseño dun aplicativo informático denominado "Expedient-e único do profesional", que tería como finalidade centralizar e unificar os méritos de todos/as traballadores do sistema sanitario público galego.

Desta maneira, os méritos relacionados coa experiencia profesional, formación continuada, etc., etc., así como outras actividades, serían achegados unha única vez polo profesional, e entenderíana presentados para todos os procesos xestionados na área de Recursos Humanos na que o profesional queira participar.

Polo anteriormente exposto, desexa saber da Consellería de Sanidade:

- 1.- ¿Cales serían as vantaxes para traballadores/as, e para a Administración, de levarse a cabo este aplicativo informático?
- 2.- ¿Que tempo cre a Consellería, que lle levaría poñer en práctica o sistema informático para centralizar os méritos do Curriculum Vitae dos profesionais da sanidade?
- 3.- ¿Ten a Consellería informados aos axentes sociais da implantación deste dispositivo?

Santiago de Compostela, 23 de Marzo de 2010





**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 23/03/2010 18:08  
**Nº Rexistro: 29240**  
Data envío: 23/03/2010 18:08:44.054

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosendo Luis Fernández Fernández na data 23/03/2010 17:59:29**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 23/03/2010 17:59:32**

**Dámaso López Rodríguez na data 23/03/2010 17:59:38**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 23/03/2010 17:59:44**

**José Manuel Baltar Blanco na data 23/03/2010 17:59:51**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/03/2010 18:11  
Nº Rexistro: 29248  
Data envío: 23/03/2010 18:11:28.176

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, relativa ás razóns de tradución simultánea das entrevistas realizadas a portuguesas e portugueses nos espazos informativos da Televisión de Galiza e Radio Galega.

Estase a comprobar a reiterada recorrencia por parte dos espazos informativos (e boa parte da programación) da Televisión de Galiza e Radio Galega a pór en marcha un curioso método de tradución cando se entrevista a portuguesas e portugueses: ocúltase a orixinalidade da súa voz en portugués, substituíndoa por outra voz nese “galego neutro” instituído pola Televisión de Galiza, cunha tonicidade e prosodia ben achegadas ao español.

Iso si, cando por exemplo un xogador brasileiro ou portugués se expresa en español, respéctase a orixinalidade na oralidade. Semella que é exclusivamente a fala e sotaque portugués o que cumpre tapar e ocultar.

Resulta difícil de entender como formando parte o noso idioma do sistema lingüístico galego-portugués, e precisando de tanto coñecemento, relacionamento e reciprocidade a unha e outra banda do Miño, sexa agora torpemente vetada, polos propios medios de comunicación de titularidade pública galega, calquera posibilidade de ouvirmos o uso do galego-portugués ao sul do Miño, evitando a súa familiarización, visibilidade, popularización e (re)coñecemento na sociedade galega.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por suposto, non se actúa do mesmo xeito con entrevistados en español. Aí non. O único que non se respecta é o sotaque portugués, mesmo o do norte. Chégase mesmo ao extremo delirante –e reiterado- de pronunciar o topónimo brasileiro “Rio de Janeiro” non na súa orixinalidade fonética (galega), senón “á española”, isto é, marcando un fonema inexistente no sistema galego-portugués en función da lectura mecánica dunha grafía asociada á pronuncia española.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG:

1.<sup>a</sup>) Que motivos levan a realizar unha sorte de “tradución automática” a aquelas entrevistadas e entrevistados de Portugal que usan o seu idioma oficial nos espazos informativos e programación en xeral da Televisión de Galiza e Radio Galega?


2.<sup>a</sup>) Non resulta lóxico manter a voz de entrevistadas e entrevistados, a fin de familiarizar ese modelo co emprego na Galiza?

3.<sup>a</sup>) Ten previsto a CRTVG, en consecuencia, mudar o criterio que está a utilizar?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/03/2010 18:11**  
**Nº Rexistro: 29248**

Data envío: 23/03/2010 18:11:28.176

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 23/03/2010 18:08:42**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Luisa Bouza Santiago**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**, relativa á situación do financiamento dos dispositivos incluídos no Plan de Galicia sobre Drogas.

O Plan de Galicia sobre Drogas actual que remataba en 2009 e foi prorrogado por un ano, financia dispositivos tanto de prevención como asistenciais dependentes dos concellos ou de entidades sen ánimo de lucro.

En prevención existen 64 equipas repartidas no territorio galego, 44 dependen dos concellos e 20 de asociacións, e contratan aproximadamente a 140 profesionais.

Na parte asistencial existen 17 Unidades ambulatorias, 13 dependentes de concellos e 4 dependentes de asociacións. Existen tamén 3 Unidades terapéuticas xestionadas por Asociacións. Estes dispositivos asistenciais contratan aproximadamente a 300 profesionais.

O financiamento dos devanditos dispositivos facíase até o de agora a través de convenios anuais que permitían unha estabilidade de contratación no camiño de integración dos dispositivos no SERGAS, obxectivo do Plan de Galicia sobre Drogas en vigor.

En diversas ocasións nos últimos meses, a preguntas dos sindicatos e da Asociación galega de profesionais das drogodependencias e outras condutas aditivas, que incorpora á totalidade de profesionais do sector, representantes da Consellería de Sanidade e o SERGAS teñen anunciado que van revisar os sistemas de financiamento



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/03/2010 09:30  
Nº Rexistro: 29253  
Data envío: 23/03/2010 19:09:57.812

dos dispositivos sen concretar o sentido desta revisión, ao tempo que se comprometeron a axilizar as axudas de 2010.

A finais deste mes de marzo de 2010 os concellos asinantes de convenios de prevención, que rematan en xuño, non teñen noticias da continuidade. Ningunha das entidades e concellos afectados saben tampouco cómo se van financiar e con que fondos en anos seguintes estes dispositivos.

Por este motivo o Grupo Parlamentar do BNG quixera realizar as seguintes preguntas:


- 1- Cándo ten previsto o Goberno galego publicar as axudas correspondentes aos orzamentos de 2010 para o financiamento dos dispositivos do “Plan de Galicia sobre Drogas”?
- 2- Qué modificacións ten previsto o Goberno galego incorporar na fórmula de financiamento destes dispositivos para este exercicio?
- 3- Qué medidas ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para axilizar a tramitación das axudas para a financiación dos dispositivos

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/03/2010 09:30**  
**Nº Rexistro: 29253**

Data envío: 23/03/2010 19:09:57.812

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 23/03/2010 19:08:37**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2010 09:30  
**Nº Rexistro: 29255**  
Data envío: 23/03/2010 19:27:12.995

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, en relación coa marcha dos traballos de restauración do Pórtico da Gloria.


No ano 2007 a Xunta de Galiza, a Fundación Barrié e o Arcebispado de Santiago asinaban un convenio para a restauración do Pórtico da Gloria. Segundo os datos feitos públicos este proxecto tiña un prazo de execución de 32 meses.

Hai poucos días tivemos constancia de que as obras de restauración estaban bloqueadas por “diferencias técnicas”. A solución articulouse a través dun novo convenio, en virtude do cal se establece a codirección das obras, a fin de que estas non se demoren máis.

Con posterioridade, confírmase a visita do Papa no mes de novembro e anunciase a intención de retirar os andamios que impiden ver o Pórtico da Gloria, para que o pontífice poda admirar a obra do Mestre Mateo. O custe estimado da retirada dos andamios sitúase na respectábel cantidade de un millón de euros.

O interese do noso grupo radica na necesidade de termos información sobre o estado do proceso de restauración, as garantías de que esta restauración siga as canles precisas para que sexa un éxito e o coñecemento, en sede parlamentar, dos prazos e custes final destas obras.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/03/2010 09:30  
Nº Rexistro: 29255  
Data envío: 23/03/2010 19:27:12.995

Polo dito formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- 1.<sup>a</sup>) En que situación se atopa o Pórtico da Gloria na actualidade?
- 2.<sup>a</sup>) Cales son as diferenzas técnicas que motivaron a parálise destas obras?
- 3.<sup>a</sup>) Cal é o calendario de execución das obras de restauración do Pórtico da Gloria que se manexa na actualidade?
- 4.<sup>a</sup>) Cal vai ser o custe da retirada da andamiaxe que impide ver o Pórtico da Gloria?  
Quen vai asumir este custe?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 23/03/2010 19:21:36**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2010 09:30  
**Nº Rexistro: 29256**  
Data envío: 23/03/2010 19:27:38.495

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo e Fernando Xabier Blanco Álvarez**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao Castelo de Pambre.

O Castelo de Pambre foi declarado Ben de Interese Cultural no ano 1995. Entre as obrigas que teñen establecido por lei as persoas propietarias de BIC, sitúanse as de garantir o bo estado de conservación dos bens, así como, o de apertura ao público. Estas condicións non se teñen verificado no caso deste Castelo, a pesar dunha legalidade que amparaba unha actuación decidida por parte da Administración.

Na pasada legislatura incoouse un expediente sancionador ao propietario deste Castelo por non cumprir co réxime de apertura ao público dos bens declarados de interese cultural. Mesmo existe un informe realizado pola Dirección Xeral de Turismo que sostíña a necesidade de iniciar un proceso expropiatorio deste importante elemento patrimonial galego. A inicios do presente ano, acadárase un acordo co propietario para garantir o acceso ao público do Castelo de Pambre.

Mais o falecemento do propietario deste castelo abre un novo escenario, no que a Xunta de Galiza debe ter claro que vía pretende explorar a fin de garantir a conservación deste Castelo e o seu disfrute como elemento patrimonial aberto a todos os galegos e galegas, e persoas que visitan a nosa nación.

Segundo información ofrecida en prensa o Castelo de Pambre vai pasar a titularidade



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

dunha orde relixiosa que ten intención de vendelo. É evidente que esta situación abre as portas á adquisición por parte da Administración Pública, e garantir deste xeito a súa conservación e uso público. Mais tamén existe base legal para iniciar un proceso expropiatorio á vista dos propios informes que obran na Xunta de Galiza.

O pasado xoves 18 de Marzo o Parlamento de Galiza aprobaba unha iniciativa do BNG na que se instaba á Xunta de Galiza a realizar todas as actuacións precisas para garantir a conservación do Castelo de Pambre, así como o seu uso público. Consideramos relevante coñecer neste momento cal é a situación na que se atopa o Castelo, así como os pasos que vai dar a Xunta para garantir o cumprimento deste acordo unánime do Parlamento.

Polo dito formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:


- 1.<sup>a</sup>) Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a situación do Castelo de Pambre?
- 2.<sup>a</sup>) Que actuacións vai levar adiante a Xunta de Galiza para garantir a conservación do Castelo de Pambre?
- 3.<sup>a</sup>) Que actuacións vai levar adiante a Xunta de Galiza para garantir a titularidade pública do Castelo de Pambre?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Fernando Xabier Blanco Álvarez

Deputada e deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza




**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2010 09:30  
**Nº Rexistro: 29256**  
Data envío: 23/03/2010 19:27:38.495

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 23/03/2010 19:26:25**

**Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 23/03/2010 19:26:34**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2010 12:55  
**Nº Rexistro: 29268**  
Data envío: 24/03/2010 12:55:06.406

## Á Mesa do Parlamento


**Ana Luisa Bouza Santiago**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás axudas para a instalación de antenas parabólicas para a recepción da TDT naqueles fogares que non reciban o sinal logo de completar o acendido dixital.

Nas comparecencias do Secretario xeral de medios no Parlamento galego para informar do apagamento analóxico e implantación da TDT na Galiza, o grupo parlamentar do BNG manifestou a preocupación pola cobertura das zonas de sombra.

Na súa resposta o Secretario xeral indicaba que a cobertura se podería garantir ao 100% contando coa solución satelital. Unha vez rematado o despregamento, os fogares sen cobertura poderían instalar unha antena parabólica e recibir o sinal da TDT vía satélite.

Indicaba tamén que estaban a negociar co Estado axudas económicas para a instalación das antenas parabólicas nos casos de familias con escasos recursos económicos, que non supoñan unha discriminación destes fogares a respecto dos que teñen acceso ao sinal terrestre que si teñen axudas.

O BNG dirixiuse ao Goberno do Estado a través do Parlamento español para coñecer as datas de implantación deste sistema e as axudas previstas, e na súa resposta indícase:



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza




**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2010 12:55  
**Nº Rexistro: 29268**  
Data envío: 24/03/2010 12:55:06.406

“co obxectivo de lograr a universalización no acceso á TDT, a Lei 7/2009, de 3 de xullo, de medidas urxentes en materia de telecomunicacións, configura a plataforma satelital como a solución máis axeitada para realizar a extensión complementaria da cobertura poboacional das canles de TDT de ámbito estatal”. “Neste sentido- continúa a resposta- serán tanto a corporación de Radio Televisión Española como as sociedades concesionarias do servizo público de TDT de ámbito estatal (...) as encargadas de asumir, no seu caso, os custos xerados pola posta das súas canles emitidas en aberto a disposición dun distribuidor de servizos por satélite ou un operador de rede de satélites”.

O Goberno español non da datas para a implantación desta cobertura por satélite nas zonas de sombra de TDT. A recomendación da Unión Europea, á que se adiantou o Estado Español, é que o apagamento analóxico se produza en todos os Estados membros para comezos de 2012. Ademais, non están contempladas axudas para estas persoas. En concreto, asegura que “os cidadáns que residan en zonas sen cobertura de TDT non terán que mercar decodificadores, o que non impedirá que, ao igual que ocorre no resto de fogares, corran ao seu cargo os restantes custos de instalación do sistema de recepción necesario”.

Por este motivo o Grupo Parlamentar do BNG quixera realizar as seguintes preguntas:

1- Qué prazos baralla o Goberno galego para realizar a cobertura de TDT en todo o territorio galego, incluíndo a cobertura das zonas de sombra con solución satelital?



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2010 12:55  
**Nº Rexistro: 29268**  
Data envío: 24/03/2010 12:55:06.406

2- Cántas solicitudes e concesións de axudas para decodificadores levan xestionadas para as zonas de cobertura terrestre?

3- Qué tipo de axudas teñen previstas e cando as poñerán en marcha para a cobertura satelital?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 24/03/2010 12:53:36**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Gallego Calvar**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

No Debate do Estado da Autonomía o presidente Feijóo comprometeu a ampliación dos espazos protexidos en Galicia nun 4%, citando erroneamente á nosa Comunidade Autónoma como unha das que máis espazo protexido posuía.

En Galicia temos arredor dun escaso 12% dos espazos protexidos pola Rede Natura 2000 e dentro destas figuras tales como os LIC, as ZEPA, etc.

Galicia está a cola das Comunidades Autónomas en materia de protección de espazos naturais como nos veñen lembrando continuamente entidades públicas e privadas de toda índole, mesmo as instancias comunitarias.

Para chegar cando menos a acadar unha porcentaxe de espazo protexido semellante a outras Comunidades Autónomas, xa sen ter en conta as singularidades galegas, deberíamos acadar unha porcentaxe de espazos protexidos entorno ó 18-20%.

Polo exposto e diante das manifestacións do propio presidente, a deputada asinante formula as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o proxecto de ampliación de espazos protexidos que defende o Goberno Feijóo?
2. Como quedará Galicia en comparación con outras Comunidades Autónomas na protección de espazos naturais?
3. Cales son os lugares que exclúe o Goberno Feijóo da ampliación da Rede Natura 2000?
4. Que usos serán autorizables e prohibidos nestes novos espazos protexidos e na totalidade de Rede Natura 2000?

Pazo do Parlamento, 24 de marzo de 2010  
Asdo.: Carmen Gallego Calvar





Grupo Parlamentario

Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Gallego Calvar na data 24/03/2010 13:09:01**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



## **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

### **Á Mesa do Parlamento**

**Emma Alvarez Chao, José Manuel Balseiro Orol, Igancio J. López-Chaves Castro e Marisol Piñeiro Martínez** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión**.

A finais do século XX, no ano 1905 dous irmáns emigrantes en Cuba, os irmáns Pedro e Juan Moreno Ulloa, inician, ao lado do pazo de Ibáñez en Ribadeo a construción dun edificio que hoxe é o edificio máis representativo da vila mariñana, é o coñecido como a Torre dos Morenos, por ser esta, o elemento que máis destaca na súa construción.

De planta rectangular, consta de cinco plantas, cunha concepción moi avanzada para a época polo emprego dunha estrutura mixta de formigón e ferro. Alcanza un alto perfeccionismo en alicatados, solos de mármore, forxas de ferro e cristaleiras. Destaca especialmente a torre cunha pequena cúpula sostida por catro cariátides e techume roxiza de cerámica vidriada. É de estilo ecléctico con ornamentacións que apuntan ao modernismo.

Na actualidade a Torre dos Moreno, cúa propiedade está nun 79% en mans privadas e nun 21 % en mans do Concello de Ribadeo, é a imaxe do abandono: cornisas desprendidas, cascotes que colgan do voladizo de rede metálica que se colocou na fachada despois de que un fragmento de formigón caese sobre a capota dun coche, desconchados nas paredes, herbas que asoman nas balconadas, ferros carcomidos, etc..

En relación a este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas.



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

- 1.- ¿Ten pensado a Xunta de Galicia intervir na propiedade deste inmoible?
- 2.- ¿Ten pensado a Xunta de Galicia facer algún tipo de actuación sobre este edificio indiano emblemático de toda a Mariña Lucense para evitar o seu desplome?
- 3.- ¿Qué plans de tempos baralla a Xunta de Galicia para intervir neste edificio?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**María Emma Álvarez Chao na data 24/03/2010 13:07:11**

**José Manuel Balseiro Orol na data 24/03/2010 13:07:18**

**Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 24/03/2010 13:07:25**

**María de la Soledad Piñeiro Martínez na data 24/03/2010 13:07:31**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Tomé Roca, Abel Losada Alvarez, María Soledad Soneira Tajés e María Quintas Alvarez**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa **resposta oral na Comisión 6ª**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O ano 2009 foi un ano complicado para o sector da madeira galego ao que lle afectou a crise de xeito especial, sendo este un sector moi importante para a economía de Galicia, que viu como se perdían 3.300 empregos e facturou no pasado ano un 28% menos que en 2008.


Ante esta situación os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Como valora vostede estes datos en comparación co ano 2008?
- 2.ª) A que cre que foi debido este forte incremento do paro no sector da madeira dende que está o actual Goberno da Xunta?
- 3.ª) Como pode afectar este descenso da facturación para a continuidade das empresas galegas deste sector en Galicia?
- 4.ª) Que iniciativas tomou a Consellería de Economía e Industria para axudar ao sector a recuperar a actividade económica e o emprego?
- 5.ª) Se é o caso, cal foi o esforzo económico que fixo a Xunta de Galicia?
- 6.ª) Que criterios tiveron en conta e con quen acordaron os mesmos?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2010

Asdo: José Tomé Roca.  
Abel Losada Alvarez  
María Soledad Soneira Tajés  
María Quintas Alvarez  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**José Tomé Roca na data 24/03/2010 12:40:58**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/03/2010 12:41:02**

**Marisol Soneira Tajés na data 24/03/2010 12:41:08**

**María Remedios Quintas Álvarez na data 24/03/2010 12:41:23**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**José Tomé Roca, Ricardo Varela Sánchez, Beatriz Sestayo Doce, Modesto Pose Mesura e Carmen Acuña Docampo**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa **resposta oral na Comisión 5ª**.

O ano 2009 foi un ano complicado para o sector da madeira galego ao que lle afectou a crise de xeito especial, sendo este un sector moi importante para a economía de Galicia, que viu como se perdían 3.300 empregos e facturou no pasado ano un 28% menos que en 2008.


Ante esta situación os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Como valora vostede estes datos en comparación co ano 2008?
- 2.ª) A que cre que foi debido este forte incremento do paro no sector da madeira dende que esta o actual Goberno da Xunta?
- 3.ª) Como pode afectar este descenso da facturación para a continuidade das empresas galegas e do emprego deste sector en Galicia?
- 4.ª) Que iniciativas tomou a Consellería de Traballo e Benestar para axudar ás empresas do sector a recuperar o emprego que se perdeu?
- 5.ª) Se e o caso, cal foi o esforzo económico que fixo a Consellería de Traballo para recuperar o emprego perdido?
- 6.ª) Que criterios tiveron en conta e con quen os acordaron?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2010

Asdo: José Tomé Roca.  
Ricardo Varela Sánchez  
Beatriz Sestayo Doce  
Modesto Pose Mesura  
Carmen Acuña do Campo  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**José Tomé Roca na data 24/03/2010 12:05:21**

.....  
**Ricardo Jacinto Varela Sánchez na data 24/03/2010 12:05:23**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Beatriz Sestayo Doce na data 24/03/2010 12:05:30**

.....  
**Modesto Pose Mesura na data 24/03/2010 12:05:43**

**María Carmen Acuña Docampo na data 24/03/2010 12:05:49**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

En recentes declaracións aos medios de comunicación o Sr. director xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños manifestaba que os informes técnicos non recomentan adoptar vedas de polbo nesta época ao considerala innecesaria como garantía da conservación da especie, e que os resultados dende que entrou en vigor o Plan de explotación do polbo, son satisfactorios polo que cabe a posibilidade de incrementar os topes de capturas no inverno.

Non deixan de sorprenden semellantes afirmacións por canto tiran por terra todas as políticas conservacionistas dos recursos pesqueiros imperantes ate o momento e, ademais, pretenden dar valor científico a unha evolución da pesqueira durante un número reducido de meses que, mesmo, pode aconsellar elevar os topes de capturas.

E posible que os medios de comunicación interpretasen mal as declaracións do Sr. director xeral, pero tampouco vimos ningunha declaración posterior aclarando os termos en que se manifestou.

É por iso que, as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

1.<sup>a</sup>) Quen fixo o estudo a que fai mención o Sr. director xeral nos medios de comunicación o pasado 11 de marzo, persoal da propia Consellería ou persoal externo a ela?

2.<sup>a</sup>) Canto tempo levou a súa elaboración e cal foi o custo para a Administración pública galega?





Grupo Parlamentario

3.<sup>a</sup>) Que series estatísticas se contemplan para chegar á conclusión de que o stock de polbo estase a recuperar nas nosas costas?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

4.<sup>a</sup>) Que estudos nos levan a concluír que as vedas e paros biolóxicos son innecesarios para a recuperación das poboacións do polbo nas nosas costas?

5.<sup>a</sup>) Ten previsto a Xunta de Galicia levar as conclusións deste estudio á normativa que regula a pesqueira do polbo en próximos exercicios?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2010

Asdo. Marisol Soneira Tajés  
María José Caride Estévez  
José Manuel Gallego Lomba  
Francisco Cerviño González

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marisol Soneira Tajés na data 24/03/2010 13:09:05**

**María José Caride Estévez na data 24/03/2010 13:09:30**

**José Manuel Gallego Lomba na data 24/03/2010 13:09:36**

**Francisco Cerviño González na data 24/03/2010 13:09:39**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/03/2010 13:25  
Nº Rexistro: 29286  
Data envío: 24/03/2010 13:25:50.292

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, en relación cos Premios da Cultura Galega.

Na sesión plenaria do 23 de Marzo o Conselleiro de Cultura e Turismo rectificaba a decisión de privar á cultura galega duns premios para recoñecer a labor dos nosos creadores e creadoras. Mais segundo as súas propias palabras “era necesaria unha reformulación”. A reformulación pola que opta a Consellaría non vai pola vía de mellorar e ampliar, senón simplemente reducir. Das dez categorías da edición dos Premios Nacionais da cultura galega, temos a versión reducida a cinco e a eliminación da referencia “nacional” a quen esta consellaría parece ter aversión. Concretamente as categorías de Arquitectura, Audiovisual, Cultura de base, Cultura científica, Música e Iniciativas desaparecen, non merecendo mención nin recoñecemento por parte da Xunta de Galiza. Require como mínimo unha explicación esta decisión, pois non hai razóns obxectivas para que desaparezan estas categorías. Non son acaso cultura? Non son estas disciplinas dignas dun recoñecemento por parte do Goberno Galego?

Parécenos ben que o goberno rectifique nesta materia, mais non entendemos as razóns que levan a esta redución. Se botamos man da comparación, semellan demasiado cativo o recoñecemento. Os Premios Nacionais de Cultura que outorga o Goberno español teñen vinteseite categorías, os de Cataluña dezasete. Para a actual Xunta de Galiza dez categorías debían ser un exceso e demostran o seu apoio e



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/03/2010 13:25  
Nº Rexistro: 29286  
Data envío: 24/03/2010 13:25:50.292

promoción da cultura cuns mini-premios que deixan fóra a unha boa parte dos nosos creadores e creadoras.

Polo dito formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- 1.ª) Que razóns xustifican a redución a cinco categorías os premios da cultura galega?
- 2.ª) Considera a Xunta de Galiza que as categorías que conformaban a última edición dos Premios Nacionais da Cultura Galega eran excesivos?


Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 24/03/2010 13:22:36**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª (Educación e Cultura)**, relativa á edición do libro “Elas teñen a palabra”.

A Xunta de Galiza editou recentemente un libro co título “Elas teñen a palabra”. A motivación desta pregunta non reside na edición e divulgación desta publicación, ou na oportunidade da mesma, senón na decisión de imprimir esta obra nunha empresa que ten o domicilio social fóra de Galiza. Como pode comprobarse no depósito legal (d.l. AS-808-2010), esta obra, financiada con recursos públicos galegos, imprimiuse fora das nosas fronteiras. Non entendemos como existido un importante sector de artes gráficas, que está padecendo fortemente a crise económica, a Xunta adopta a este tipo de decisións que demostran unha falta de compromiso co tecido empresarial galego, concretamente co encadrado nas industrias culturais galegas.

Esta situación merece unha explicación demorada, mais tamén unha rectificación. É obriga da xunta implementar políticas de fortalecemento dos nosos sectores económicos, máxime nun contexto como o actual. Lamentamos que non sexa esta a óptica e práctica dos responsábeis actuais da Xunta de Galiza.

Polo dito fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1ª) Que motiva que a Xunta de Galiza realice a publicación de libros con depósito legal en Asturias?

2ª) Que sistema se utilizou para a adxudicación da impresión desta publicación?

3ª) Cal foi o custe da mesma?

4ª) Considera a Xunta de Galiza que esta política contribúe a apoiar as empresas galegas?

Santiago de Compostela, 23 de Marzo de 2010

Asdo. **Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 24/03/2010 13:41:52**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Sonia Verdes Gil, Carmen Acuña do Campo, María Quintas Álvarez, Pablo Xabier López Vidal e Juan Carlos Francisco Rivera** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

No día de onte declarábase un incendio no municipio Ourenzá de Chandrexa de Queixa

Segundo as primeiras estimacións provisionais a superficie afectada sitúase arredor das 150 ha., segundo os datos da Consellería de Medio Rural, aínda que a superficie total que quedou arrasada parece ser moito maior, requirindo a intervención dun importante dispositivo para a extinción do incendio.

Deste xeito podemos estar a falar do primeiro gran incendio deste ano 2010, tendo en conta que aínda as condicións climatolóxicas, propias destas datas, apenas iniciado o período de precampaña de incendios, non propician a aparición de incendios forestais.

Polo que as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Que causas, segundo a Consellería de Medio Rural, provocaron o incendio forestal que afectou o día 17 de marzo ao municipio de Chandrexa de Queixa, na provincia de Ourense?

2.<sup>a</sup>) Que medidas adoptou a Consellería de Medio Rural no momento de declararse o incendio?

3.<sup>a</sup>) Quen asumiu a coordinación do dispositivo para a extinción do incendio?

4.<sup>a</sup>) Que medios propios da Consellería de Medio Rural actuaron na extinción do incendio?



Grupo Parlamentario

5.<sup>a</sup>) Que outros medios se incorporaron?

6.<sup>a</sup>) Cantas hectáreas de monte quedaron arrasadas polo lume?

7.<sup>a</sup>) Que medidas preventivas de silvicultura e melloras nos sistemas de prevención se tiñan levado a cabo nos montes afectados polo incendio?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 18 de marzo de 2010

Asdo: Sonia Verdes Gil  
Carmen Acuña do Campo  
María Quintas Álvarez  
Pablo Xabier López Vidal  
Juan Carlos Francisco Rivera  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Verdes Gil na data 24/03/2010 17:03:23**

**María Carmen Acuña Docampo na data 24/03/2010 17:03:34**

**María Remedios Quintas Álvarez na data 24/03/2010 17:03:48**

**Pablo Xabier López Vidal na data 24/03/2010 17:03:57**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 24/03/2010 17:04:06**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2010 17:37  
**Nº Rexistro: 29301**  
Data envío: 24/03/2010 17:37:31.803

## Á Mesa do Parlamento

**María Tereixa Paz Franco e Alfredo Suárez Canal**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao impulso de medidas para a reactivación da Baixa Limia.

O Proxecto Integral de Reactivación da Baixa Limia concibiuse como un instrumento esencial para acceder á vertebración territorial, económica e social desta comarca a través da revalorización e optimización dos seus recursos endóxeos.

Entre outras actuacións que se establecían neste proxecto son de destacar a dotación de 200.000 m<sup>2</sup> de superficie do solo empresarial e a construción dunha ponte que enlace a zona de Santa Comba (en Bande) con Rañadoiro en Muíños, unindo deste xeito as dúas marxes do encoro.

Estas actuacións estaban inseridas nun ambicioso plan de intervención en diversos ámbitos territoriais e sectoriais que se definiron Plan Director Proxecto Quarquenia que fora elaborado pola extinta Consellaría de Vivenda e Solo.

Non se trataba dunha actuación maioritariamente de nova intervención senón, pola contra, de actuacións de renovación e reconstrución na que só se contemplaban pequenas actuacións de infraestruturas que terían como finalidade solventar determinadas carencias da comarca.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/03/2010 17:37  
Nº Rexistro: 29301  
Data envío: 24/03/2010 17:37:31.803

Para poder acometer a construción de ponte e a dotación de solo empresarial, tendo en conta que están ubicadas en concellos nos que non existe planeamento municipal, era preciso acudir a outros instrumentos dos contemplados na lei de Ordenación Urbanística e de protección do medio rural de Galiza, tais como proxectos sectoriais e de urbanización.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego o desenvolvemento das medidas e actuacións que se conteñen neste proxecto continúan a ser imprescindíbeis para impulsar a actividade económica e social na comarca da Baixa Limia, e para a mellora da calidade de vida, sendo ademais outro elemento positivo a ter en conta a colaboración institucional na súa xestión, coa implicación de todos os concellos e a participación activa do movemento asociativo da comarca no proxecto.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada e do deputado asinantes, a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral ante a Comisión:

1.<sup>a</sup>) Que previsións ten o Goberno galego a respecto do impulso das diversas medias e actuacións que se deseñaban no plan de reactivación integral da Baixa Limia?

2.<sup>a</sup>) Existe, na programación de solo empresarial do seu departamento, algunha previsión para a dotación dun parque empresarial na comarca da Baixa Limia?



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3.<sup>a</sup>) En caso afirmativo, onde está prevista a súa ubicación, cales serán as súas características e o horizonte temporal para a súa verificación?

4.<sup>a</sup>) en caso afirmativo, onde está prevista a súa ubicación, cales serán as súas características e o horizonte temporal para a súa verificación?

5.<sup>a</sup>) Ten previsto crear un novo eixe de comunicación entre as dúas bandas do encoro a través da construción dunha ponte entre Santa Comba en Bande e o Rañadoiro en Muíños?

6.<sup>a</sup>) De ser así, con que características e que prazos estiman para a súa construción?

7.<sup>a</sup>) En caso contrario, cales son as razóns? Ten previsto algunha outra alternativa a esta vía que teña un valor vertebrador similar?


8.<sup>a</sup>) Que actuacións ten previsto impulsar o Goberno galego para incentivar a dinamización económica e social na comarca da Baixa Limia?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010.

Asdo.: María Tereixa Paz Franco

Alfredo Suárez Canal

Deputada e deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza




**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/03/2010 17:37**  
**Nº Rexistro: 29301**  
Data envío: 24/03/2010 17:37:31.803

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tereixa Paz Franco na data 24/03/2010 17:23:57**

**Alfredo Suárez Canal na data 24/03/2010 17:24:01**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2010 18:16  
**Nº Rexistro: 29307**  
Data envío: 24/03/2010 18:16:03.603

## Á MESA DO PARLAMENTO


**Carlos Aymerich Cano, Ana Luisa Bouza Santiago e Carme Adán Villamarín**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa á melloría do CEIP de Oza dos Ríos.

O pasado mes de Febreiro, o Pleno do Concello de Oza dos Ríos encomendou ao Alcalde a elaboración dunha Memoria na que se recollesen as numerosas deficiencias que presenta o único CEIP do Concello instándoo asimesmo a demandar da Consellaría de Educación e Ordenamento Universitario as obras precisas para as solventar. Estas deficiencias refírense tanto á cuberta do centro como tamén ao estado da pintura, a instalación eléctrica, o pavimento e as carencias de equipas informáticas con conexión á Internet e de novo material deportivo. Estas obras de mellora, a realizar pola Consellaría de Educación, viríanse a somar ás xa comprometidas polo Concello para cubrir o patio do colexio e que ascenden a 305.000€.

Así as cousas, formúlanse as seguintes cuestións:

Recebeu xa a Consellaría de Educación a Memoria elaborada polo Alcalde de Oza dos Ríos relativa ás obras de mellora que cumpre realizar no CEIP? Que actuacións vai realizar a Consellaría para arranxar as deficiencias detectadas no centro?

Santiago de Compostela, a 23 de Marzo de 2010



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/03/2010 18:16**  
**Nº Rexistro: 29307**  
Data envío: 24/03/2010 18:16:03.603

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Ana Luisa Bouza Santiago

Carme Adán Villamarín

Deputado e deputadas do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 24/03/2010 18:13:39**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 24/03/2010 18:13:42**

**María do Carme Adán Villamarín na data 24/03/2010 18:13:49**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/03/2010 09:30  
Nº Rexistro: 29312  
Data envío: 24/03/2010 19:13:32.927

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Luisa Bouza Santiago**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás previsións de prazos e criterios de participación na elaboración por parte do Goberno galego do novo Plan galego de Drogas.

A finais do anterior período de sesións debateuse e aprobouse, por partida dobre, en pleno e comisión, unha proposición non de lei do Partido Popular instando ao Goberno galego a “Elaborar un Plan estratéxico sobre drogas no que se teñan en conta os seguintes criterios...” e continua con 6 puntos de criterios que debe cumprir ese plan. En ningún caso se tiveron en consideración as propostas de emenda presentadas dende este grupo parlamentario do BNG.

Remata a primeira metade do período de sesións e non hai novas sobre este novo Plan. A Asociación de profesionais do sector e os sindicatos descoñecen as liñas xerais do Plan e non foron chamados polo de agora a ningún foro de participación para a súa elaboración.

Tampouco coñecemos a avaliación do plan en vigor (que foi ampliado por un ano, xa que remataba a súa vixencia en 2009) que fai o Goberno galego.

Por este motivo o Grupo Parlamentar do BNG quixera realizar as seguintes preguntas:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/03/2010 09:30  
Nº Rexistro: 29312  
Data envío: 24/03/2010 19:13:32.927

- 1- Cando ten previsto o Goberno galego realizar unha avaliación do actual “Plan de Galicia sobre drogas” e informar desta avaliación ao Parlamento galego e profesionais e entidades e concellos afectados?
- 2- Cál é a fórmula prevista polo Goberno galego para promover a participación de profesionais, entidades e concellos na elaboración do novo Plan que debe entrar en vigor en 2011?
- 3- Cándo ten previsto o Goberno galego presentar as liñas mestras do novo Plan?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 24/03/2010 19:03:43**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2010 09:30  
**Nº Rexistro: 29315**  
Data envío: 24/03/2010 19:15:39.722

Á Mesa do Parlamento

**Fernando Xabier Blanco Álvarez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en Comisión.

En recentes declaracións aos medios de comunicación, a Xunta de Galicia ven de afirmar que o Goberno do Estado minguou en 111 millóns de euros as liquidacións correspondentes ao financiamento autonómico. Esta redución, importante nos ingresos previstos, agrava a situación de crise económica ao reducir a capacidade de gasto da administración galega.

E súmase, ademais, a un deficiente sistema de financiación autonómica, que non ten en conta, con peso real, elementos esenciais como a dispersión xeográfica, a idade da poboación, ou o nivel de renda, polo que presentamos a seguinte pregunta:

Que pensa facer o Goberno galego ante a perda de 111 millóns de euros de financiamento autonómico?


Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010.

Asdo.: Fernando Xabier Blanco Álvarez

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/03/2010 09:30**  
**Nº Rexistro: 29315**  
Data envío: 24/03/2010 19:15:39.722

**Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 24/03/2010 19:05:20**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2010 09:30  
**Nº Rexistro: 29318**  
Data envío: 24/03/2010 19:17:27.657

## Á Mesa do Parlamento

**Fernando Xabier Blanco Álvarez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en Comisión

No Plan Impulsa de Lugo e Ourense estableceuse unha serie de axudas especiais para a dinamización do tecido empresarial de ambas provincias. Entre os proxectos subvencionabeis está a industria con carácter xeral.

A pesares disto, cando algúns empresarios solicitan información para proxectos, manifestáselles que as actividades de carácter industrial non entran dentro das liñas subvencionabeis.

Polo que queremos preguntar:

Cales son os sectores da industria que son subvencionabeis co Plan Impulsa?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010.

Asdo.: Fernando Xabier Blanco Álvarez

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 24/03/2010 19:11:46**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2010 09:30  
**Nº Rexistro: 29322**  
Data envío: 24/03/2010 19:19:58.045

## Á Mesa do Parlamento

**Fernando Xabier Blanco Álvarez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en Comisión.

No Plan Impulsa Lugo e Ourense, faise referencia a que aqueles proxectos que estean comprendidos entre os 240.000 e 25.000.000 de euros poderían ter un tipo de xuro do 0%, todo elo dentro da estratexia de reequilibrio territorial para ámbalas dúas provincias.

A pesares desta referencia concreta e explícita, aos emprendedores que se dirixen ao IGAPE, manifestáselles o seu descoñecemento sobre esta liña de subvención.


No Pleno do Parlamento Galego do día 24 de marzo de 2010, preguntamos ao Conselleiro de Economía e Industria por esta cuestión sen que obtiveramos resposta, polo que presentamos a seguinte Pregunta:

Hai un tipo de xuro do 0% para os proxectos de investimento entre 240.000 € e 25.000.000 de euros no Plan Impulsa Lugo e Ourense?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010.

Asdo.: Fernando Xabier Blanco Álvarez

Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/03/2010 09:30**  
**Nº Rexistro: 29322**  
Data envío: 24/03/2010 19:19:58.045

**Asinado dixitalmente por:**

**Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 24/03/2010 19:08:25**



## **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

### **Á Mesa do Parlamento**

Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo Fernández Fernández, Antonio Rodríguez Miranda, Yolanda Díaz Lugilde e José Manuel Baltar Blanco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

O Diario Oficial de Galicia do 15 de xaneiro publicou as axudas e subvencións destinadas ás entidades galegas no exterior para o exercicio 2010.

Estas axudas están destinadas a sufragar gastos en infraestruturas das entidades e os proxectos culturais.

Tamén sería conveniente coñecer como se resolveron as do ano 2009, xa que no mesmo, no mes de marzo celebráronse eleccións autonómicas.

Por isto se pregunta:

- 1.- A canto ascenderon a totalidade de axudas no ano 2009?.
- 2.- Onde se pode obter información complementaria sobre estas axudas?.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 25/03/2010 10:26:59**

**Rosendo Luis Fernández Fernández na data 25/03/2010 10:27:06**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 25/03/2010 10:27:10**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 25/03/2010 10:27:14**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/03/2010 10:29**  
**Nº Rexistro: 29325**  
Data envío: 25/03/2010 10:29:33.771

**José Manuel Baltar Blanco, Vicepresidente 1º na data 25/03/2010  
10:27:19**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n  
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: [gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



## **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

### **Á Mesa do Parlamento**

Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo Fernández Fernández, Antonio Rodríguez Miranda, Yolanda Díaz Lugilde e José Manuel Baltar Blanco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

O Presidente da Xunta e o de Castela e León asinaron, días atrás, un protocolo de colaboración de ámbito xeral que permitirá a ambos territorios abrir unha nova etapa de cooperación mutua apoiada na lealdade institucional e dirixida a mellorar a calidade de vida dos cidadáns mediante un maior e mellor acceso aos servizos públicos.

Tendo en conta que ambas comunidades son das que maior número de residentes e centros rexionais teñen fora das súas fronteiras, a emigración xoga un papel relevante.

Por isto se pregunta:

Cales son os principios xerais do acordo e que repercusión poden ter os mesmos na colectividade emigrante?.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 25/03/2010 10:29:47**

**Rosendo Luis Fernández Fernández na data 25/03/2010 10:29:50**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 25/03/2010 10:29:55**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 25/03/2010 10:29:59**

**José Manuel Baltar Blanco, Vicepresidente 1º na data 25/03/2010**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n  
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/03/2010 10:31**  
**Nº Rexistro: 29327**  
Data envío: 25/03/2010 10:31:29.144

**10:30:03**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n  
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: [gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA





**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo Fernández Fernández, Antonio Rodríguez Miranda, Yolanda Díaz Lugilde e José Manuel Baltar Blanco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Recentemente o INE fixo públicos os datos do CERA (Censo Electoral de Residentes Ausentes).

O número de galegos incluídos no mesmo aproxímase aos 350.000, concretamente 346.592, isto supón un incremento do 3,32% con respecto ás eleccións autonómicas do pasado 1 de marzo.

Sendo este asunto moi importante, interesa coñecer en profundidade o desglose destes datos por provincias, así como as dos concellos máis poboados.

Por isto se pregunta:

- 1.- Cales son os datos desglosados por provincias?.
- 2.- Cales son os concellos con maior peso na emigración?.
- 3.- Cales son os motivos deste incremento para o Goberno galego?.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 25/03/2010 10:32:23**

**Rosendo Luis Fernández Fernández na data 25/03/2010 10:32:26**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/03/2010 10:33**  
**Nº Rexistro: 29329**  
Data envío: 25/03/2010 10:33:42.063

**Antonio Rodríguez Miranda na data 25/03/2010 10:32:31**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 25/03/2010 10:32:35**

**José Manuel Baltar Blanco, Vicepresidente 1º na data 25/03/2010  
10:32:42**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo Fernández Fernández, Antonio Rodríguez Miranda, Yolanda Díaz Lugilde e José Manuel Baltar Blanco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

As oficinas de atención ao colectivo inmigrante, con sede en sete grandes cidades galegas, están financiadas polo Fondo para a Integración e reforzo Educativo dos Inmigrantes do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Estas oficinas verán recortados no 2010 o seu presuposto nun 50% o que as coloca nunha situación moi difícil, xa que se ven afectadas directamente as partidas de gasto social que concirnen á poboación extracomunitaria.

Este asunto, que se intúe grave, necesita unha solución.

Por todo isto se pregunta:

Como ten pensado a Xunta de Galicia afrontar esta problemática que mesmo pode dar lugar a desaparición destas oficinas?.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 25/03/2010 10:33:36**

**Rosendo Luis Fernández Fernández na data 25/03/2010 10:33:41**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/03/2010 10:35**  
**Nº Rexistro: 29333**  
Data envío: 25/03/2010 10:35:35.811

**Antonio Rodríguez Miranda na data 25/03/2010 10:33:48**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 25/03/2010 10:33:53**

**José Manuel Baltar Blanco, Vicepresidente 1º na data 25/03/2010  
10:33:58**



## **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

### **Á Mesa do Parlamento**

Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo Fernández Fernández, Antonio Rodríguez Miranda, Yolanda Díaz Lugilde e José Manuel Baltar Blanco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

No pasado mes de decembro celebrouse en Montevideo o IX Consello de Comunidades Galegas.

Este evento, que convocou a 135 delegados de tódolos galego do mundo que teñen recoñecida a galeguidade, é sen dúbida moi importante porque no mesmo tratáronse temas como Galeguidade, políticas socio – asistenciais, muller e xuventude, tecnoloxía e cultura.

Por isto se pregunta:

Cales foron os acordos e conclusións aos que se chegou na mencionada reunión?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 25/03/2010 10:18:41**

**Rosendo Luis Fernández Fernández na data 25/03/2010 10:18:58**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 25/03/2010 10:19:04**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 25/03/2010 10:19:08**

**José Manuel Baltar Blanco, Vicepresidente 1º na data 25/03/2010 10:19:14**



## Á Mesa do Parlamento

**Beatriz Sestayo Doce**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O concello de Ares é un fermoso municipio costeiro, vinculado historicamente ao mar. A pesares desta circunstancia e da demanda dos traballadores/as do sector o municipio presentaba unha serie de carencias importantísimas para o mesmo.

O anterior Goberno da Xunta asumiu o compromiso da mellora das infraestruturas e equipamentos pesqueiros de Ares. Así, concretamente a través da Consellería de Pesca destinou un orzamento de 644.000 euros que foron para a adquisición dunha carretilla elevadora, unha máquina de xeo e a construción dunha nave de departamentos para uso dos integrantes do pósito. Esta última actuación ten unha especial importancia para a confraría, xa que os traballadores do mar de Ares non dispoñían de ningún local no que deixar os seus aparellos e desenvolver as súas actividades de forma axeitada, polo tanto, a construción desta nave convertíase nun fito de relevancia para o sector, que veu satisfeita unha demanda histórica. O edificio conta cunha superficie total de 1.174,65 metros cadrados, dos que 985,77 son útiles, e os servizos que prestará cobren as necesidades destes traballadores, xa que o inmovible dispón de oito departamentos de usuarios: vestíbulo, almacén xeral, almacén de caixas, zona de cámaras frigoríficas, aseos, duchas, distribuidor e zona de redes.

Unha vez rematada a actuación principal, unha obra rematada dende hai un ano, o certo é que o actual Goberno da Xunta de Galicia segue a manter pechada dita nave, iso si, cobrando as taxas aos profesionais do mar como si puideran usala, constituíndo un abuso impresentable para os traballadores do mar de Ares que teñen protestado por esta circunstancia.

Para máis atropelo do porto de Ares, dos traballadores do mar e do propio municipio, ampliouse a mariña seca do porto de Ares, levouse a



Grupo Parlamentario

cabos unha nova actuación correspondente a un foso para a colocación dun travel lift absolutamente necesario, dada a carencia destas infraestruturas na zona, e a dispoñibilidade da dotación necesaria no municipio aresán. Unha vez máis atopámonos co remate da ampliación do Porto, o remate do foso, pero a falla do travel segue a ser unha demanda que os profesionais veñen esixindo á Xunta de Galicia.

Polo exposto, a deputada asinante formula a seguinte preguntas:

Cándo vai proceder a Xunta de Galicia a poñer a disposición dos traballadores da confraría estas infraestruturas e servizos con todas as condicións axeitadas para o desenvolvemento do seu traballo?

Pazo do Parlamento, 25 de marzo de 2010

Asdo.: Beatriz Sestayo Doce  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Beatriz Sestayo Doce na data 25/03/2010 10:38:26**



## *Grupo Parlamentario Popular de Galicia*

### **Á Mesa do Parlamento**

Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo Fernández Fernández, Antonio Rodríguez Miranda, Yolanda Díaz Lugilde e José Manuel Baltar Blanco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Recentemente tivemos coñecemento de que os xoves de Arxentina e Uruguai decidiran federarse.

En concreto, sóbose que a “Asociación Echando Raices” e “Cepes” de Uruguay asinaron un acordo para promover a participación dos xoves descendentes de españois de Latinoamérica nos seus respectivos a través de proxectos cun forte compromiso social, cultural e económico coas nosas comunidades de emigrantes.

Por todo isto se pregunta:

- 1.- Cal é o contido do mencionado acordo?.
- 2.- En que termos foi subscrito este acordo?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 25/03/2010 10:37:14**

**Rosendo Luis Fernández Fernández na data 25/03/2010 10:37:18**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 25/03/2010 10:37:22**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 25/03/2010 10:37:26**





**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/03/2010 10:40**  
**Nº Rexistro: 29339**  
Data envío: 25/03/2010 10:40:51.899

**José Manuel Baltar Blanco, Vicepresidente 1º na data 25/03/2010  
10:37:30**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n  
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: [gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo Fernández Fernández, Antonio Rodríguez Miranda, Yolanda Díaz Lugilde e José Manuel Baltar Blanco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Segundo puideron saber estes deputados, a Hermandad Gallega de Venezuela presentou no Pleno do Consello de Comunidades Galegas unha ponencia sobre a temática socio – asistencial.

Segundo sinalou o Presidente da Institución hai carencias hospitalarias, pouco acceso aos medicamentos e non dispoñen de centros da terceira idade.

Tamén manifestou que a única solución momentánea está na colaboración relixiosa.

Por isto se pregunta:

1.- Ten pensado a Xunta de Galicia abordar esta problemática situación?.

2.- En que prazo de tempo poderíamos ter unha solución a este problema?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 25/03/2010 10:41:12**

**Rosendo Luis Fernández Fernández na data 25/03/2010 10:41:15**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 25/03/2010 10:41:19**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n  
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/03/2010 10:42**  
**Nº Rexistro: 29340**  
Data envío: 25/03/2010 10:42:58.709

**Yolanda Díaz Lugilde na data 25/03/2010 10:41:23**

**José Manuel Baltar Blanco, Vicepresidente 1º na data 25/03/2010  
10:41:28**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo Fernández Fernández, Yolanda Díaz Lugilde, Antonio Rodríguez Miranda e José Manuel Baltar Blanco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

A Secretaría Xeral de Emigración, a través da Subdirección Xeral da Inmigración e Retorno, presentou a campaña "SABEMOS O QUE É ESTAR FORA DA CASA", co fin de contribuír a unha maior sensibilización social sobre as necesidades de integración intercultural ante a progresiva incorporación de inmigrantes ao ámbito social galego.

Este tema, que semella ser moi interesante, suxire unha serie de preguntas:

- 1.- Como ten pensado estruturarse esta campaña?.
- 2.- Que obxectivos fundamentais persegue esta campaña?.
- 3.- A canta xente está dirixida fundamentalmente esta campaña?.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 25/03/2010 10:44:05**

**Rosendo Luis Fernández Fernández na data 25/03/2010 10:44:09**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 25/03/2010 10:44:14**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 25/03/2010 10:44:18**

**José Manuel Baltar Blanco, Vicepresidente 1º na data 25/03/2010**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2010 10:45  
**Nº Rexistro: 29343**  
Data envío: 25/03/2010 10:45:21.190

**10:44:24**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n  
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: [gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/03/2010 13:04  
Nº Rexistro: 29355  
Data envío: 25/03/2010 13:04:27.999

## Á Mesa do Parlamento

**María Tereixa Paz Franco e Alfredo Suárez Canal**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Son xa varias as anomalías que se teñen producido nos diversos procesos de selección para o emprego público ou na promoción interna.

Un novo episodio é a participación de funcionarios en tribunais de selección, sendo opositores para un turno similar de promoción interna.

Así funcionarios que participan nos tribunais de selección de turno libre, son opositores na promoción interna. Dándose, ademais, o feito de que o presidente do tribunal é o mesmo nos dous casos. E dicir, opositores que comparten e son membros do tribunal cunha persoa van ser avaliados por esa mesma persoa como opositores.

Tratase dunha práctica que a todas luces aparece como anómala e foco de posibles tratos de favor. É moi difícil de entender por os opositores de un proceso similar, que o proceso vai reunir as necesarias garantías de imparcialidade e obxectividade. A propia Xunta reconece que é unha practica anómala cando unha vez descuberta polos medios de comunicación a incidencia, son separados do tribunal as persoas afectadas. Pero o que resulta enormemente preocupante é que a Xunta, como xa fixo anteriormente, esconda as responsabilidades políticas que hai no asunto. Non só fai iso, senón que en sede parlamentaria o grupo que sustenta ao goberno



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

xustificou o proceder político.

Parece evidente que a tutela destes procesos ten responsabilidades políticas, e cando ocorren estes feitos, ou as filtracións do pasado, e non se toman medidas no plano político, estanse sentando as bases para que se volvan repetir situacións similares. Xa o advertimos no seu momento cando se produciron as filtración dos grupos C1 e C2 e a Xunta escapou das responsabilidades políticas. Agora prodúcese este novo episodio e, polo que vemos hoxe nos medios de comunicación, tamén outro posible caso de filtracións no SERGAS.


En pouco menos de un ano da nova administración xa se levan producido diversos feitos de enorme gravidade que poñen en cuestión o acceso ao emprego público e as súas necesarias garantías, volvendo a traer á actualidade prácticas do pasado anterior ao ano 2005, onde producíndose os feitos mais preocupantes neste ámbito nunca existían responsabilidades políticas.

Realmente o acontecido esta a producir unha enorme alarma social especialmente entre as persoas que teñen no horizonte a posibilidade de concorrer a procesos similares.

Ante isto, presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) ¿Quen é o cargo político responsable de tutelar os procesos selectivos e os nomeamentos dos tribunais nos que se producen coincidencias de opositores con membros dos tribunais en turnos de promoción libre?

2.<sup>a</sup>) ¿Quen é o cargo político responsable de tutelar os procesos selectivos e os



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

nomeamentos dos tribunais nos que o presidente dos tribunais dun turno coincide no mesmo con opositores que ten que xulgar en outro turno?

3.<sup>a</sup>) ¿Non considera a Xunta que esta practica pode inducir a vulnerar os principios de imparcialidade e obxectividade?

4.<sup>a</sup>) ¿Non considera a Xunta que esta practica debe eliminarse?

5.<sup>a</sup>) ¿Non considera a Xunta necesario adoptar medidas no ámbito político ante as sucesivas anomalías que se están a producir no emprego público?

6.<sup>a</sup>) ¿Estase abrindo unha nova investigación por posibles filtracións nos exames do SERGAS?

7.<sup>a</sup>) Si é así, ¿como é posible que habendo tan pouco tempo, dende que a Xunta asegurou en sede parlamentaria que tiña adoptado medidas para que non se repetiran as filtracións, volvan a aparecer sospeitas de novo?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2010.


Asdo.: María Tereixa Paz Franco

Alfredo Suárez Canal

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza


Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/03/2010 13:04**  
**Nº Rexistro: 29355**  
Data envío: 25/03/2010 13:04:27.999

**María Tereixa Paz Franco na data 25/03/2010 13:03:21**

**Alfredo Suárez Canal na data 25/03/2010 13:03:27**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/03/2010 16:30  
Nº Rexistro: 29436  
Data envío: 25/03/2010 16:05:57.712


## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo e Tereixa Paz Franco**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**, en relación coa paralización das UXFOR constituídas nos concellos de Muros e Lousame.

A lei 3/2007 de prevención e defensa dos incendios forestais establece no seu articulado instrumentos para superar a situación estrutural da propiedade forestal en Galiza, a través da reorganización da propiedade forestal e o fomento das agrupacións de propietarios. Concretamente os artigos 29 e 30 crean e regulan a figura xurídica das unidades de xestión forestal como instrumento para facilitar a ordenación dos montes e o seu planeamento preventivo a través da promoción da reorganización da propiedade forestal e dos terreos situados nas zonas de influencia forestal, prevendo o establecemento de incentivos públicos.

En desenvolvemento deste marco legal, o anterior goberno aprobou do Decreto 101/2008, de 20 de maio, polo que se regulan as Unidades de Xestión Forestal. Con esta base legal desenvolveuse unha labor de promoción desta nova figura que se concretou na posta en marcha de 42 UXFOR ao longo do territorio galego.

Mais o cambio de goberno supuxo unha paralización desta labor, cunha desidia da administración actual en relación con esta temática.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/03/2010 16:30**  
**Nº Rexistro: 29436**  
Data envío: 25/03/2010 16:05:57.712

Na comarca de Muros-Noia hai neste momento tres unidades de xestión forestal que se ven afectadas por esta parálise do goberno. Trátase das UXFOR de San Estevo da parroquia de Abelleira (Muros) e as Uxfor de Xestoso e Camboño (Lousame). A situación das tres Uxfor ás que nos referimos é similar. Iniciáranse os proxectos para a limpeza e adecuación dos terreos, mais a chegada do novo goberno paralizou toda a actividade.

O BNG considera que o goberno debe abandonar o seu sectarismo e falta de iniciativa, retomando os proxectos iniciados e apostando por darlle continuidade ao longo deste ano. Estas iniciativas supoñen unha aposta clara pola creación de riqueza e emprego, posta en valor do potencial forestal dos noso montes, ao tempo, que pretendían modificar as causas estruturais de extrema vulnerabilidade do monte aos incendios forestais.

Polo dito formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:


Que razóns explican a paralización dos traballos que estaban previsto nas Uxfor de Xestoso, Camboño e San Estevo?

É consciente o Goberno Galego dos prexuízos que esta parálise ten suposto?

Ten previsto a Xunta de Galiza impulsar ao longo do ano 2010 as actuacións que estaban previstas nas Uxfor de Xestoso, Camboño e San Estevo?

En caso afirmativo, en que prazos? Que medios vai destinar a Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 25 de Marzo de 2010.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/03/2010 16:30**  
**Nº Rexistro: 29436**  
Data envío: 25/03/2010 16:05:57.712

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo  
Deputada do G.P. do BNG

Asdo.: Tereixa Paz Franco,  
Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 25/03/2010 16:05:02**

**María Tereixa Paz Franco na data 25/03/2010 16:05:22**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Luisa Bouza Santiago**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**, relativa ao anuncio da Conselleira de Sanidade de eliminar as unidades móbiles do programa de prevención do cancro de mama.

No Pleno do día 24 de Marzo de 2010, dando resposta a unha pregunta do Grupo Popular sobre os resultados do programa de cribado para a detección precoz do cancro de mama, a conselleira de Sanidade informaba sobre a situación de precariedade das catro unidades móbiles que até o de agora están a funcionar neste programa.

Argumentaba a Conselleira que as actuais unidades móbiles teñen barreiras arquitectónicas e que as mulleres fican á intemperie cando agardan. Falaba tamén da dificultade de instalar novas equipacións nelas e concluía que ten chegado xa o final da súa vida útil.

As unidades móbiles teñen estado paradas nalgunha ocasión pola falta de persoal facultativo e téñense incumprido axendas previstas de visitas aos concellos, cuestión xa denunciada dende o Grupo Parlamentar do BNG.

O territorio galego conta cunha grande dispersión de poboación e especiais dificultades de mobilidade, especialmente para persoas maiores e mulleres. Nesta



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2010 16:44  
**Nº Rexistro: 29439**  
Data envío: 25/03/2010 16:44:15.793

situación, a existencia de unidades móbiles permite garantir un acceso máis igualitario de toda a poboación a un dispositivo preventivo de tanta importancia.

Estamos a falar ademais dun programa preventivo e dirixido a poboación asintomática. A existencia das unidades móbiles contribúe a facilitar a accesibilidade das mulleres ao recurso e evita a desmotivación que sería ter que acudir a un hospital para realizar as probas.

Preocupa ao Grupo parlamentar do BNG que na mesma intervención non se fixera por parte da Conselleira ningún compromiso explícito de substitución das unidades móbiles actuais por outras máis modernas e mellor dotadas, sen barreiras de acceso e que permitan a instalación de mamógrafos dixitais.

Só escoitamos falar da instalación destes novos mamógrafos nos centros hospitalarios e tamén escoitamos falar de dar prioridade a criterios de austeridade.

E preocúpanos porque teñen utilizado este mesmo argumento para explicar a eliminación doutros dispositivos como a unidade de educación maternal do CHUAC ou a desagregación por sexo dos datos estatísticos das listas de espera.

Por este motivo, o Grupo Parlamentar do BNG quixera realizar as seguintes preguntas:

- 1- Ten previsto o Goberno galego eliminar as actuais unidades móbiles do programa de detección precoz do cancro de mama?
- 2- Ten previsto o Goberno galego substituír estes vehículos por outros máis modernos e accesíbeis? En qué prazo?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/03/2010 16:44  
Nº Rexistro: 29439  
Data envío: 25/03/2010 16:44:15.793

3- En caso de non ter previsto a substitución, cómo ten previsto o Goberno galego garantir a accesibilidade ao programa de prevención do cancro de mama ás mulleres que viven en lugares sen transporte público con horario adecuado aos centros hospitalarios?

4- Cánto pensa aforrar o Goberno galego en euros/ano con cada unha das actuacións previstas?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 25/03/2010 16:42:37**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/03/2010 17:11  
Nº Rexistro: 29443  
Data envío: 25/03/2010 17:11:37.948

## Á Mesa do Parlamento

**Isabel Sánchez Montenegro, Teresa Táboas Veleiro e Ana Luisa Bouza Santiago**, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión..**

No ano 2004, a Asociación de Veciños Santa Eulalia de Valdoviño “A Frouxeira”, procedeu, no lugar de Monte de Prados-O Limpeiro, no concello de Valdoviño, a executar unhas obras consistentes nun movemento de terras de grandes dimensións que afectaba a unha superficie aproximada de 64.000 m<sup>2</sup>, con escavacións para a consecución de plataformas horizontais e recheos que chegaban nalgúns puntos ós 20 metros.

As obras estaban situadas na súa totalidade dentro dos límites do Espazo Natural Costa Artabra da rede natura 2000, declarado zona de especial protección dos valores naturais segundo o Decreto 74/2000, de 2 de abril da consellería de Medio Ambiente.

As actuacións citadas realizáronse carecendo da preceptiva licenza municipal e de autorización autonómica.

Como consecuencia dunha denuncia formulada de oficio, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, incoou o expediente de reposición da legalidade urbanística 107B-2005/52-O.

Con data 16 de novembro de 2005, o daquela director xeral de Urbanismo, resolvía





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2010 17:11  
**Nº Rexistro: 29443**  
Data envío: 25/03/2010 17:11:37.948

dito expediente declarando ilegalizables as obras por resultar incompatibles co ordenamento urbanístico vixente e ordenando a reposición dos terreos afectados ao estado anterior á execución das obras ilegais.

Con data 11 de marzo de 2008, o concello de Valdoviño autoriza, establecendo unha serie de condicións, as obras para a Reposición de áridos para volver os terreos ao seu estado natural solicitadas por D. Miguel A. Pérez Quintela, en representación da Asociación de Veciños Santa Eulalia de Valdoviño. O Prazo de execución de ditas obras estímase en 36 meses.

Polo exposto, formulamos as seguintes preguntas:

1º) Ten procedido a Asociación de Veciños Santa Eulalia de Valdoviño a executar as obras necesarias para a reposición dos terreos afectados ao estado anterior á execución das obras ilegais realizadas no lugar de Monte de Prados-O Limpeiro, no concello de Valdoviño?

2º) En caso negativo, que medidas pensa adoptar a Xunta para facer cumprir a orde de reposición no prazo concedido?


Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2010.

Asdo.: Isabel Sánchez Montenegro

Teresa Táboas Veleiro

Ana Luisa Bouza Santiago

Deputadas do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza




**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2010 17:11  
**Nº Rexistro: 29443**  
Data envío: 25/03/2010 17:11:37.948

**Asinado dixitalmente por:**

**Isabel Sánchez Montenegro na data 25/03/2010 17:06:07**

**Teresa Táboas Veleiro na data 25/03/2010 17:06:13**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 25/03/2010 17:06:20**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza




**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/03/2010 09:30  
**Nº Rexistro: 29460**  
Data envío: 25/03/2010 19:04:37.773

## Á Mesa do Parlamento

**Carlos Aymerich Cano**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa ao retraso na aplicación da Lei de Dependencia en Galiza.

O pasado 22 de Marzo, no curso da reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira a Conselleira de Facenda, Dña. Marta Fernández Currás, referíuse á Lei de Dependencia como "unha bomba financeira para Galiza". Fíxoo ao tempo que outros conselleiros de CC.AA. gobernadas polo Partido Popular reclamaban unha moratoria na aplicación da devandita Lei.

O caso é que en Galiza a moratoria estase aplicando de feito: alén dos anuncios publicitarios, a Consellaría de Traballo e Benestar segue sen actualizar na súa páxina web a información estatística sobre a aplicación da Lei de Dependencia no noso país. Os últimos publicados son de 27 de Novembro de 2009 e neles, sospeitosamente, non se fai referencia como nos cadros estatísticos anteriores a "dependentes atendidos/as" senón a "dependentes con prestación recoñecida" (dos que se di que hai xa máis de 23.000) sendo que, como moitos dependentes coñecen (e sofren) unha cousa é ter unha prestación recoñecida e outra ben distinta recibida efectivamente. Mais mesmo así tanto a conselleira Sra. Mato (en rolda de prensa ofrecida o día 8 de Marzo) como o propio presidente da Xunta (no debate de política xeral o pasado 16 de Marzo) fachendea de que en Galiza hai xa máis de 32.000 dependentes atendidos.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/03/2010 09:30  
**Nº Rexistro: 29460**  
Data envío: 25/03/2010 19:04:37.773

Porén é sabido que de conformidade co calendario establecido na Lei de Dependencia no ano 2010 deben xa ser atendidas as persoas con grado II nivel 1 de dependencia, completándose deste xeito a atención ao conxunto das persoas con dependencia grande e severa. Segundo as estimacións do Libro Branco da Dependencia en Galiza hai 138.000 persoas con dependencia grande e severa e as estimacións deste informe, tal e como se puido comprobar para os grandes dependentes, fican moito por baixo da realidade da dependencia no noso país.

Xa que logo, e dado que a finais de 2010 deben estar atendidos os, como mínimo, 140.000 grandes dependentes e dependentes severos que hai en Galiza, fórmulanse as seguintes cuestións:


Que medidas está a adoptar o Goberno galego para asegurar a aplicación integral da Lei de Dependencia?

Apoia o Goberno unha moratoria na aplicación da Lei de Dependencia?

Como vai asegurar a cobertura en 2010 á totalidade dos grandes dependentes e dos dependentes severos tal e como resulta do calendario de aplicación da Lei de Dependencia?

Santiago de Compostela, a 24 de Marzo de 2010

Asdo.: Carlos Aymerich Cano  
Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/03/2010 09:30  
**Nº Rexistro: 29460**  
Data envío: 25/03/2010 19:04:37.773

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 25/03/2010 19:03:49**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento


**Ana Belén Pontón Mondelo e María do Carme Adán Villamarín**, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión** en relación co transporte escolar en Ribeira.

Ribeira é un dos poucos Concellos de Galiza nos que o servizo público de Transporte Escolar no Ensino Secundario se leva a cabo integramente na súa Modalidade C de contratación. Isto implica que o alumnado é transportado en autobuses que cobren servizo Regular de viaxeiros, non especificamente escolar.

A modalidade de contratación C, supoñendo un lixeiro menor custe para a Administración, supón para o alumnado en xeral do Concello de Ribeira e as súas familias un claro prexuízo e unha clara e inxusta discriminación.

As características do contrato de transporte na súa modalidade A, vixente na maioría de Galiza, conleva a posibilidade de que sexa a Administración (co Centro educativo) quen determinen as rotas a seguir, as paradas, a presenza de acompañante así como o uso gratuito polo alumnado de ensinanzas non obrigatorias (Bacharelato, Ciclos Formativos e de PCPI) no caso de haber prazas libres. Hai que ter en conta, ademais, a vantaxe que suporía a implantación do Servizo Tes+Bus, de transporte escolar compartido, para a poboación xeral dos lugares polos que transita o Servizo de Transporte escolar.

Sendo pois evidentes as vantaxes para os usuarios e usuarias que supón a Modalidade



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/03/2010 09:46  
Nº Rexistro: 29463  
Data envío: 26/03/2010 09:46:22.717

A de transporte escolar, sendo responsabilidade da Administración educativa a prestación do Servizo de Transporte escolar sen discriminacións e en igualdade de condicións, desde o BNG consideramos que é necesario que se mellore esta situación, apostando pola implantación da modalidade A no concello de Ribeira.

Polo dito formulamos as seguintes preguntas para súa resposta oral en comisión:

- 1.ª) Como valora o Goberno Galego a situación do transporte escolar en Ribeira?
- 2.ª) Ten previsto a Xunta de Galiza instaurar a modalidade A?
- 3.ª) En que prazos se prevé que se instaure esta modalidade?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

María do Carme Adán Villamarín

Deputadas do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 26/03/2010 9:44:15**

**María do Carme Adán Villamarín na data 26/03/2010 9:44:21**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Beatriz Sestayo Doce**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Na Comisión 5.<sup>a</sup> celebrada no Parlamento o 26 de marzo de 2010, o xerente do Consorcio Galego de Servizos de Benestar e Igualdade afirmou que o cambio de xestión das infraestruturas sociais que estaban previstas nas actuacións do Consorcio foi acordada cos concellos . O xerente afirmou, taxantemente, que este cambio de xestión foi acordada e que ningún concello debería mentir sobre esta cuestión. O Grupo Parlamentario Socialista ten constancia que este feito non sucedeu así, nin de forma bilateral nin a través da Asemblea do Consorcio, onde non existiu ningunha intervención do Goberno sobre este feito, e si houbo intervencións de representantes de concellos afirmando a inseguridade xurídica na que se atopan as infraestruturas no seu día comprometidas.

Toda vez que se está a poñer en dubida a palabra de alcaldes, alcaldesas, concelleiros e concelleiras de forma pública e notoria de forma grave no máximo órgano de representación do pobo galego, a deputada asinante formula a seguinte pregunta:

Con qué concellos se acordou, a través dos seus representantes, do cambio de xestión dos centros de día e infraestruturas sociais comprometidos nos diferentes protocolos en convenios firmados entre concellos e Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2010

Asdo.: Beatriz Sestayo Doce  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia





Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Beatriz Sestayo Doce na data 26/03/2010 11:39:08**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



## Á Mesa do Parlamento

**Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga e Beatriz Sestayo Doce**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O Concello de Santiago ten posto a disposición da Xunta de Galicia un terreo situado na zona coñecida como Monte dos Postes, a carón do Conservatorio de Música para a construción dunha residencia para a terceira idade; terreo que ten a cualificación urbanística precisa para a construción de equipamentos en materia social.

Esa edificación permitiría ampliar a oferta de prazas en residencias de carácter público, que. Como é ben coñecido, permiten atender unha demanda procedente de toda Galicia: en moitas ocasións os familiares directos de persoas maiores doutros lugares que solicitan prazas en residencias sí viven en Santiago de Compostela ou o seu entorno, de xeito que esa aproximación permite un maior e máis doado contacto entre familiares.

De feito, na residencia de As Rodas as listas de agarda son grandes. Certo é que previsiblemente despois do verán pode estar en funcionamento unha nova residencia en Pontepedriña, construída pola Fundación José Otero e Carmela Martínez, e que o Concello de Santiago poñerá a disposición da Xunta de Galicia. Pero existen reservas a favor dos traballadores e familiares da empresa José Otero e tan só unhas poucas prazas terán un carácter público.

Polo exposto, o deputado asinante formula as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Qué previsións ten a Xunta de Galicia en relación coa construción desta residencia?
- 2.<sup>a</sup>) Ten descartado de xeito definitivo esa construción?

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2010

Asdo.: Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Beatriz Sestayo Doce



Grupo Parlamentario

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/03/2010 11:08:43

Beatriz Sestayo Doce na data 26/03/2010 11:08:48

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Acuña do Campo e Modesto Pose Mesura**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Na sesión plenaria celebrada os días 23 e 24 de marzo, a Sra. Farjas respondendo a unha pregunta feita polo voceiro do seu Grupo, o Grupo Parlamentario Popular, sobre as unidades móbiles do programa galego de detección precoz de cancro de mama, anunciaba a supresión das mesmas alegando unha máis as dificultades económicas e a austeridade.

Anunciaba esta supresión despois de afirmar que tiñan gran aceptación cun 80'1% de participación de mulleres galegas neste programa cando as guías europeas recomendan como óptimo entre un 70 e un 75% de seguimento.

Sen embargo, o Goberno do Sr. Feijóo decide unha vez máis aplicar restricións e recortes no que atinxe á saúde das mulleres. Ademais, o facelo suprimindo as unidade móbiles está aforrando a expensas da saúde dunhas mulleres determinadas, das mulleres do rural galego.

Nova lección de Feijóo de igualdade de xénero e de igualdade entre territorios. Así é como entende o Partido Popular o equilibrio territorial e o programa de saúde da muller.

Por todo o anteriormente exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Cando e como vai suprimir o Goberno do Sr. Feijóo as unidades móbiles utilizadas ata o de agora na detección precoz do cancro de mama? Vai anular as catro que estaban funcionando en Galicia?
2. Como se van a realizar estes controis unha vez suprimido esa prestación? Pedindo vez nos servizos de cirurxía primeiro e logon nos de radioloxía para realizar a proba e volvendo despois a cirurxía para que sexa valorado o resultado?



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

3. Non pensa a Consellería que isto vai provocar un incremento nas listas de espera de especializada e para a realización de mamografías que xa son agora demasiado longas?
4. Terán con esa medida que desprazarse de novo as mulleres a realizar esa proba aos hospitais máis próximos? Non valora o Goberno popular que iso podería provocar o deterioro dese programa xa que en moitos casos (mulleres maiores do rural), poderían deixar algunhas de facer os controis ante as dificultades para desprazarse?
5. Canto pensa a Consellería que pode aforrar con esa medida?
6. Considera que esa decisión supón un avance no programa de saúde da muller?
7. Cal é o custe do tratamento dunha tumoración mamaria? Cal sería o custe dunha mamografía nunha unidade móbil?
8. Se existían deficiencias nese sistema como a falta de rampas para acceder con comodidade, non sería máis lóxico buscarlle solucións antes de suprimilas?
9. Canto persoal está a traballar neste programa? Canto e que tipo de persoal perderá o seu traballo con esta medida?

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2010

Asdo.: Carmen Acuña do Campo

Modesto Pose Mesura

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Carmen Acuña Docampo na data 26/03/2010 12:01:24**

**Modesto Pose Mesura na data 26/03/2010 12:01:28**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Pablo Xabier López Vidal, Manel Gallego Lomba, M<sup>a</sup> José Caride Estévez e Abel Losada Alvarez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Diario Oficial de Galicia do 28 de febreiro de 2008 publicaba a Resolución pola que se anunciaba a licitación do concurso para a redacción do proxecto de mellora da seguranza viaria na estrada PO – 340, Gondomar (pk 15+780) – A Ramallosa (pk 21+510). O prazo de execución era de seis meses e o orzamento base de licitación foron 101.100 euros.

Un proxecto elaborado na lexislatura pasada, pensado para humanizar esta estrada e mellorar a seguridade viaria entre Gondomar e a glorieta da Ramallosa, ao longo de 5,7 quilómetros.

Esta actuación naceu pensando na mellora da mobilidade dos veciños e veciñas dos concellos de Gondomar e Nigrán que utilizan esta vía de comunicación. Tamén foi pensada en clave de mellora da calidade de vida dos seus usuarios, introducindo nestas obras, actuacións en beneficio dos peóns e dos usuarios da bicicleta.

Coa chegada ao Goberno da Xunta do Partido Popular, esta como outras actuacións que estaban en marcha na comarca do Val Miñor están explicitamente paralizadas. Actuacións todas elas moi necesarias e que estaba previsto que mellorasen substancialmente tanto a mobilidade dos cidadáns como a calidade das mesmas.

En relación con esta sospeitosa paralización por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e a necesidade de que estas obras proxectadas sexan executadas de xeito inmediato, e polo que os deputados e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1<sup>a</sup>.- En que estado de tramitación se encontra este proxecto de mellora de seguridade viaria entre Gondomar e A Ramallosa?



Grupo Parlamentario

2ª).- Cales son as causas obxectivas da súa actual paralización, así como do retraso na súa execución?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

3ª).- Que prazos se manexan dende a Consellería responsable para iniciar as obras desta humanización?

4ª).- Cal é o custe estimado destas obras?

5ª).- Vai sufrir algunha modificación o proxecto inicial redactado para esta actuación de mellora de seguridade vial?

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2010

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal

Manel Gallego Lomba

Mª José Caride Estévez

Abel Losada Alvarez

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Xabier López Vidal na data 26/03/2010 13:01:50**

**José Manuel Gallego Lomba na data 26/03/2010 13:01:55**

**María José Caride Estévez na data 26/03/2010 13:01:59**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/03/2010 13:02:04**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/03/2010 13:29  
Nº Rexistro: 29487  
Data envío: 26/03/2010 13:29:35.511

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relacionada co número de funcións previstas para a produción do Centro Dramático Galego “As actas escuras”.

A representación das Actas Escuras de Roberto Vidal Bolaño constitúe un acontecemento relevante para o teatro galego. A decisión de levar aos escenarios esta peza foi adoptada a principios de 2009, na etapa na que Cristina Domínguez dirixía o Centro Dramático Galego. Co cambio de goberno na Xunta de Galiza a nova equipa barallou a posibilidade de non levar adiante esta produción no ano 2009, mais ao estar xa comprometida a dirección e elenco de actores e actrices, finalmente non se consumou esta tentativa. Decisión da que nos congratulamos, pois o resultado final confirma o acerto da decisión.

Constitúe a reparación dun trato inxusto para unha obra que no ano 1992 fora galardoada co Premio Xacobeo de Textos Teatrais, mais que resultou incómoda para o goberno daquela altura. Tanto foi así que se incumpriron as bases do premio que estipulaban a publicación do texto e a súa representación. A obra foi publicada case unha década despois, mais non por quen lle outorgara o premio, senón por unha iniciativa conxunta do Concellaría de Cultura do Concello de Santiago e a editorial A Nosa Terra.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/03/2010 13:29  
**Nº Rexistro: 29487**  
Data envío: 26/03/2010 13:29:35.511

Esta obra foi estreada o pasado 15 de Xaneiro no Salón Teatro. Segundo consta na páxina web do Centro Dramático Galego a súa difusión ao longo da xeografía galega é máis ben reducida. Até o momento só ten programadas 28 funcións (18 das cales xa se produciron na cidade de Santiago de Compostela). As dez restantes distribúense entre Narón, O Barco de Valdeorras, Tui, Vigo, A Coruña, Ourense e Ferrol. Só Narón, A Coruña e Ourense van ter dúas funcións e o resto de localidades a presenza desta obra redúcese a unha. Chama poderosamente a atención que en todo o territorio que abrangue a provincia de Lugo non ten nin unha soa representación.

Parécenos que unha produción deste tipo debería contar cun maior número de funcións. A Xunta de Galiza debería de ser máis entusiasta e proactiva, facendo un esforzo por ofertar aos galegos e galegas (así como, a todas as persoas que nos visiten) a posibilidade de disfrutar dunha peza que demostra o nivel e potencial que ten o teatro galego.

Polo dito, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- 1.<sup>a</sup>) Considera a Xunta de Galiza que o número de funcións das Actas Escuras é suficiente?
- 2.<sup>a</sup>) Cales son os motivos polos que non está programada ningunha función en toda a provincia de Lugo?
- 3.<sup>a</sup>) Ten previsto a Xunta de Galiza programar un maior número de funcións?



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/03/2010 13:29  
**Nº Rexistro: 29487**  
Data envío: 26/03/2010 13:29:35.511

4.<sup>a</sup>) En caso afirmativo, en que localidades? Cal será o número de funcións por cada localidade?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 26/03/2010 13:28:53**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Beatriz Sestayo Doce**, deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O concello de Valdoviño conta cun só colexio público destinado a dar educación pública de calidade aos nenos e nenas que acoden ao mesmo.

A necesaria conciliación da vida persoal, laboral e familiar fai necesario o axeitado desenvolvemento do servizo de comedores que acaba de recibir un duro varapalo coa nova política educativa da Xunta de Galicia. Se a comezos de curso este grupo se interesaba por o servizo de comedor que a Xunta impedía ou dificultaba, agora este servizo chega ao colapso absoluto ante a falla de atención e a negligencia absoluta do novo Goberno.

En efecto, unha soa cociñeira está a atender a 150 alumnos e alumnas do centro, sen que a Xunta de Galicia dera resposta algunha ás inxerencias enormes de toda a comunidade educativa, tendo que substituír os menús ordinarios por unha simple hamburguesa ante a imposibilidade de facer fronte ao servizo esencial para os alumnos e alumnas, dadas as condicións de precariedade aos que os leva a Consellería de Educación.

Polo exposto, a deputada asinante formula a seguinte pregunta

1.<sup>a</sup>) Quen asumirá a responsabilidade desta falla absoluta de atención aos menores do Centro Atios de Valdoviño?

2.<sup>a</sup>) Considera axeitado o Goberno galego a atención do servizo público de comedor en dito centro?

3.<sup>a</sup>) Por qué non teñen dado resposta ás peticións da comunidade educativa?

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2010

Asdo.: Beatriz Sestayo Doce

Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



---

Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Beatriz Sestayo Doce na data 26/03/2010 13:35:42**

-----  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
-----



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Silvia Fraga Santos, Ricardo Varela Sánchez e Pablo Xabier López Vidal**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A Televisión de Galicia, desde a chegada á dirección de Sánchez Izquierdo, revélase como unha permanente caixa de sorpresas. É sorprendente a rapidez coa que afundiron os índices de audiencia. Sorprende igualmente a capacidade do novo equipo para implantar un caos laboral sen precedentes na compañía. Non é menos sorprendente a celeridade coa que trasladaron á TVG aos tempos máis negros de censura e manipulación, ao nivel da época do Prestige ou da crise das vacas tolas.

Todo isto debe parecerlle pouca dose de sorpresa, porque o novo equipo directivo se esforza en explorar terreos ata agora vedados á TVG e demais televisións públicas. A proba tivémola o luns 22 de marzo no Bos Días, un espazo creado recentemente para, segundo a dirección, dar cabida á información de servizos, primando o criterio de proximidade e para estar permanentemente ao pé da información que máis interesa aos galegos.

Nese espazo, o Bos Días, dedicáronlle 15 minutos a un tema que calquera espectador galego terá dificultades para comprender que se axusta aos obxectivos do programa: Un cuarto de hora de promoción dunha película porno na que os protagonistas son o coñecido persoeiro da prensa rosa Dinio e máis ata hai uns días Miss Ourense.

Neses quince minutos emitíuse unha entrevista coa Miss Ourense na que promoveu o vídeo, falou do mundo do porno, das súas relacións sentimentais, de como lle sentou á familia esta aventura súa e, mesmo, se puideron escoitar comentarios sobre as posibilidades do porno como unha saída laboral para os galegos nestes tempos de crise.



Grupo Parlamentario

Tendo en conta o anteriormente exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1.<sup>a</sup>) Cre axeitado que a TVG se dedique a falar do mundo do porno neste horario: ás 12,15 h. da mañá?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2.<sup>a</sup>) Cre que este tipo de informacións se axustan á natureza dun medio público de comunicación como a TVG?

3.<sup>a</sup>) Pensa que a promoción de películas porno axuda á defensa da cultura e dos valores galegos, tal como se esixe por lei á CRTVG?

4.<sup>a</sup>) Pensan seguir emitindo informacións desta índole?

5.<sup>a</sup>) Considera axeitado que un presentador e tres comentaristas da televisión pública galega chanceen sobre as posibilidades do cine adulto para aliviar o paro en Galicia, tendo en conta a alarmante situación de desemprego que se vive na nosa Comunidade?

6.<sup>a</sup>) Adoptou ou pensa adoptar algún tipo de medidas ao respecto deste tipo de emisións e comentarios?

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2010

Asdo.: Silvia Fraga Santos  
Ricardo Varela Sánchez  
Pablo Xabier López Vidal  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Belén Fraga Santos na data 26/03/2010 18:30:35**

**Ricardo Jacinto Varela Sánchez na data 26/03/2010 18:30:39**

**Pablo Xabier López Vidal na data 26/03/2010 18:30:45**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Sonia Verdes Gil**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Goberno galego dende a Consellería de Medio Rural comprometía no Plan estratéxico para o sector lácteo galego o desenvolvemento de medidas encamiñadas á mellora da competitividade das explotacións galegas, e o aumento da base territorial poñendo en marcha mecanismos na procura de acadar a mobilización de terras agrarias improdutivas.

Despois dun ano de goberno non se ten posto en marcha ningunha das medidas comprometidas, malia que o Goberno galego anunciaba coincidindo coa celebración do debate do estado de autonomía unha Lei de mobilidade de terra, co fin de favorecer o uso e a xestión do territorio sen ningunha concreción.

Por iso a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Como vai acadar a nova Lei de mobilidade da terra a mellora da competitividade e o aumento da base territorial das explotacións galegas?

2.<sup>a</sup>) Que modificacións introducirá a nova Lei de mobilidade da terra na Lei 7/2007 do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia?

3.<sup>a</sup>) Como vai incidir na potenciación e na axilización do Banco de Terras de Galicia co fin de que acade maior efectividade?

4.<sup>a</sup>) Que modificacións introducirá na Lei 10/1985 de 14 de agosto de concentración parcelaria de Galicia?



Grupo Parlamentario

5.<sup>a</sup>) Que outras medidas introducirá a Lei de mobilidade de terra co fin de incrementar a base territorial das explotacións galegas e a dinamización da superficie agraria útil?

Pazo do Parlamento, 24 de marzo de 2010

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Asdo: Sonia Verdes Gil  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Verdes Gil na data 26/03/2010 18:36:47**





Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Sonia Verdes Gil**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O anterior Goberno galego aprobaba a Lei 7/2007 do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia.

Constituíase así o Banco de Terras de Galicia e creábase a sociedade pública Bantegal coma sociedade anónima xestora do Banco de Terras de Galicia, cuxa función fundamental é acadar a mobilización das superficies agrarias útiles, favorecendo o redimensionamento das explotacións, encargándose da xestión dos bens e dos dereitos incorporados ao Banco de Terras e garantindo, entre outras, o cobro e o prezo establecido aos propietarios, así como a devolución da propiedade en normal estado, rematado o período de arrendamento.

Coa chegada do PP ao Goberno da Xunta de Galicia, múltiples foron as ocasións nas que se anunciaban modificacións da Lei do Banco de Terras de Galicia, co fin de dotalo de máis eficacia e axilidade.

Despois dun ano de goberno, durante a celebración da sesión da Comisión 7ª de Agricultura, Gandería e Montes do pasado día 18 de marzo o Goberno galego anunciaba a próxima disolución da sociedade xestora Bantegal, no marco dunha lei para reorganizar as infraestruturas de desenvolvemento rural, e ao tempo unha Lei de mobilidade de terras agrarias, anuncio que ratificaba o Goberno en rolda de prensa o pasado día 20.

Ante esta situación a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



Grupo Parlamentario

1.<sup>a</sup>) Como se vai xestionar o Banco de Terras de Galicia unha vez que o Goberno galego proceda á disolución da sociedade anónima xestora do Banco de Terras de Galicia (Bantegal)?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2.<sup>a</sup>) De que xeito afectará respecto da dinamización e mobilización das superficies agrarias útiles improdutivas co gallo de acadar o redimensionamento, e a ampliación da base territorial das explotacións, así como a potenciación e axilización do Banco de Terras de Galicia a disolución do Bantegal?

3.<sup>a</sup>) De que xeito vai afectar a disolución do Bantegal respecto das garantías que ofrecía aos propietarios e arrendatarios a xestión pública que desenvolvía a sociedade Bantegal?

4.<sup>a</sup>) Que outras medidas vai levar a cabo o Goberno galego para acadar maior axilidade e eficacia do Banco de Terras de Galicia?

5.<sup>a</sup>) Que modificacións introducirá a comprometida Lei de mobilidade de terras agrícolas na Lei 7/2007 do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2010

Asdo: Sonia Verdes Gil  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Verdes Gil na data 26/03/2010 18:40:27**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Sonia Verdes Gil**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A Consellería de Medio Rural acaba de anunciar, tal como recolleron diversos medios de comunicación recentemente, a apertura do proceso de contratación dunha empresa que definirá a estratexia da loita contra os incendios forestais, que se encargará de deseñar os plans de extinción así como a coordinación dos medios terrestres e aéreos, cun custe de 900.000 euros, e que prevé contratar un equipo de enxeñeiros e analistas durante a presente campaña e a do ano 2011.

Por iso a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Cal é o motivo polo que a Consellería de Medio Rural contratará a unha empresa privada a planificación e coordinación da estratexia na loita contra aos lumes?

2.<sup>a</sup>) Que melloras ofrecerá a xestión por parte dunha empresa privada da planificación e da estratexia fronte aos lumes?

3.<sup>a</sup>) Que tarefas desenvolverá a empresa privada que se encargará da planificación da estratexia na loita contra os incendios forestais?

4.<sup>a</sup>) Cal será a composición do equipo que levará a cabo a planificación da loita contra os lumes?


5.<sup>a</sup>) Cal será a partires de agora o cometido da Empresa Pública de Servicios Agrarios Galegos S.A., Seaga?

6.<sup>a</sup>) Que actuacións concretas desenvolverá a empresa pública Seaga?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2010

Asdo.: Sonia Verdes Gil  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

.....  
**Sonia Verdes Gil na data 26/03/2010 18:50:43**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

.....



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Sonia Verdes Gil**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

No DOG do venres 26 de febreiro de 2010 a Consellería de Medio Rural publicaba a Orde do 22 de febreiro de 2010, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2010.

Dentro da devandita orde de axudas inclúense as axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras, que establece as bases das axudas integradas no contrato de explotación sustentable, quedando excluídas das axudas da liña de Control Integrado os modos de aproveitamento pasteiro e prado.

Deste xeito quedan limitadas as axudas unicamente aos pastos non permanentes menores de 5 anos, o que supón unha redución por este motivo das axudas recibidas por explotación con prima por control integrado.

Ante esa situación a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Que valoración fai o Goberno galego respecto das reducións da liña de control integrado dentro do contrato de explotación sustentable, debido a exclusión de superficies admisibles dentro desta liña?

2.<sup>a</sup>) De que xeito afectarán, respecto da contía das axudas, as modificacións introducidas respecto das superficies admisibles dentro da liña de Control Integrado?

3.<sup>a</sup>) Como afectarán as reducións da liña de control integrado no conxunto das axudas ao contrato de explotación sustentable?



Grupo Parlamentario

4.<sup>a</sup>) Que zonas serán as maioritariamente afectadas por tales modificacións?

5.<sup>a</sup>) Que valoración fai o Goberno galego respecto dos efectos, dende o punto de vista económico e medioambiental, consecuencia das modificacións introducidas?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2010

Asdo.: Sonia Verdes Gil  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Verdes Gil na data 26/03/2010 18:44:54**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Sonia Verdes Gil**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Entrados xa no mes de marzo rexistráronse nos últimos días os primeiros incendios forestais de importancia na nosa Comunidade, a pesares do mal tempo.

Por outra banda, a Consellería de Medio Rural acaba de anunciar a contratación dunha empresa privada para a planificación da estratexia na loita contra os lumes, recortando a Seaga competencias e reservando as súas actuacións unicamente en casos de emerxencia forestal e do medio natural.

Por outra banda, a Consellería de Medio Rural recortou de xeito importante nos orzamentos da Xunta de Galicia o programa referido á defensa e prevención de incendios. Recortes que afectan fundamentalmente ás partidas destinadas á prevención e á aplicación de medidas preventivas en materia forestal, e de prevención de incendios.

Ante esta situación a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Como se está a organizar o Plan de prevención e defensa contra incendios forestais na campaña para o ano 2010 ?

2.<sup>a</sup>) Como se está a levar a cabo a posta en marcha do dispositivo humano, así como a dotación de medios técnicos e materiais e os equipamentos para a campaña de prevención e defensa contra incendios forestais para o ano 2010?

3.<sup>a</sup>) Que medios humanos, técnicos e materiais se van a mobilizar na presente campaña de prevención e defensa contra incendios forestais?



Grupo Parlamentario

4.<sup>a</sup>) Que dispositivo está en marcha neste momento?

5.<sup>a</sup>) Que dispositivo está previsto poñer en marcha durante a época de alto risco de incendios forestais?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

6.<sup>a</sup>) Como se vai a proceder a contratación do dispositivo humano durante a campaña 2010 ?

7.<sup>a</sup>) Que melloras ten previsto implementar a Consellería de Medio Rural respecto a mellora dos medios técnicos e humanos así coma da dotación e dos equipamentos na posta en marcha da presente campaña do plan de prevención e defensa contra incendios forestais?

8.<sup>a</sup>) Que melloras ofrecerá a xestión por parte dunha empresa privada da planificación e da estratexia fronte os lumes?

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2010

Asdo: Sonia Verdes Gil  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Verdes Gil na data 26/03/2010 19:40:15**





**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

Marisol Piñeiro Martínez, Cristina Romero Fernández, Carlos Negreira Souto, Natalia Barros Sánchez, Paula Prado del Río, Pablo Cobián Fernández de la Puente, María Seoane Romero e Ángeles Díaz Pardo, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa contestación oral en Comisión.

As diferentes accións formativas (cursos, xornadas, seminarios, etc) ven sendo dende sempre un instrumento axeitado e imprescindible para contribuír á mellora da competitividade e o desenvolvemento axeitado e de mellora das empresas galegas.

Partindo de que a formación constitúe un pilar básico para o desenrolo e mantemento de calquera iniciativa empresarial as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- Cales foron as accións formativas impulsadas ou desenroladas pola Consellería de Economía e Industria no eido dos comerciantes, artesáns, consumidores e usuarios; propias ou en colaboración con outras consellerías ou administracións; tanto para empresarios como para traballadores, durante o ano 2009?

2.- Cales son as previstas ou xa deseñadas para o ano 2010?

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**María de la Soledad Piñeiro Martínez na data 29/03/2010 10:21:09**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 29/03/2010 10:21:20**

**Carlos Negreira Souto na data 29/03/2010 10:21:25**

**Natalia Barros Sánchez na data 29/03/2010 10:21:32**

**Paula Prado del Río na data 29/03/2010 10:21:37**

**Pablo Cobián Fernández de la Puente na data 29/03/2010 10:21:42**

**María Seoane Romero na data 29/03/2010 10:21:49**

**María Ángeles Díaz Pardo na data 29/03/2010 10:21:59**



## Grupo Parlamentario Popular de Galicia

### Á Mesa do Parlamento

Marisol Piñeiro Martínez, Cristina Romero Fernández, Carlos Negreira Souto, Natalia Barros Sánchez, Paula Prado del Río, Pablo Cobián Fernández de la Puente, María Seoane Romero e Ángeles Díaz Pardo, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa contestación oral en Comisión.

As diferentes accións formativas (cursos, xornadas, seminarios, etc) ven sendo dende sempre un instrumento axeitado e imprescindible para contribuír á mellora da competitividade e o desenvolvemento axeitado e de mellora das empresas galegas.

Partindo de que a formación constitúe un pilar básico para o desenrolo e mantemento de calquera iniciativa empresarial as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- Cales foron as accións formativas impulsadas ou desenroladas pola Consellería de Economía e Industria dirixidas a concienciación e impulso do aforro e a eficiencia enerxética; propias ou en colaboración con outras consellerías ou administracións; tanto para empresarios, para traballadores ou cidadáns en xeral, durante o ano 2009?

2.- Cales son as previstas ou xa deseñadas para o ano 2010?

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**María de la Soledad Piñeiro Martínez na data 29/03/2010 10:23:19**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 29/03/2010 10:23:30**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Carlos Negreira Souto na data 29/03/2010 10:23:38**

**Natalia Barros Sánchez na data 29/03/2010 10:23:51**

**Paula Prado del Río na data 29/03/2010 10:23:56**

**Pablo Cobián Fernández de la Puente na data 29/03/2010 10:24:02**

**Maria Seoane Romero na data 29/03/2010 10:24:07**

**María Ángeles Díaz Pardo na data 29/03/2010 10:24:15**



## **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

### **Á Mesa do Parlamento**

Marisol Piñeiro Martínez, Cristina Romero Fernández, Carlos Negreira Souto, Natalia Barros Sánchez, Paula Prado del Río, Pablo Cobián Fernández de la Puente, María Seoane Romero e Ángeles Díaz Pardo, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa contestación oral en Comisión.

A primeiros do mes de marzo a Consellería de Economía e Industria crea unha bolsa de comercios baleiros para que os novos emprendedores releven aos que preto da xubilación deixan o negocio, publicando no Diario Oficial de Galicia unha orde de axudas a pequenos comerciantes individuais autónomos.

Polo cal as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cales son as novidades que presenta ao respecto a Consellería de Economía e Industria e que tipo de beneficios considera que poden ser achegados de cara aos comerciantes galegos con este tipo de medidas?

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**María de la Soledad Piñeiro Martínez na data 29/03/2010 10:19:21**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 29/03/2010 10:19:34**

**Carlos Negreira Souto na data 29/03/2010 10:19:40**

**Natalia Barros Sánchez na data 29/03/2010 10:19:45**

**Paula Prado del Río na data 29/03/2010 10:19:53**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/03/2010 10:27**  
**Nº Rexistro: 29530**  
Data envío: 29/03/2010 10:27:43.968

**Pablo Cobián Fernández de la Puente na data 29/03/2010 10:20:04**

**Maria Seoane Romero na data 29/03/2010 10:20:12**

**María Ángeles Díaz Pardo na data 29/03/2010 10:20:18**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

Marisol Piñeiro Martínez, Cristina Romero Fernández, Carlos Negreira Souto, Natalia Barros Sánchez, Paula Prado del Río, Pablo Cobián Fernández de la Puente, María Seoane Romero e Ángeles Díaz Pardo, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa contestación oral en Comisión.

O Grupo Parlamentario Popular coincide plenamente coa Consellería de Economía e Industria en que a innovación e a incorporación das novas tecnoloxías no sector comercial son peza clave para a mellora da xestión comercial e son tamén elementos que repercuten no incremento das vantaxes e dos beneficios económicos.

Nese sentido a Dirección Xeral de Comercio concedeu subvencións para a adecuación de establecementos comerciais ao seu entorno competitivo e outras para a creación de redes de comunicación para poñer en marcha plataformas que faciliten a interconexión entre os comerciantes e o comercio electrónico

Entendendo a importancia destas subvencións para o colectivo do comercio galego, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cales son as novidades neste eido e de qué forma pretende seguir apoiando a Consellería de Economía e Industria a mellora da competitividade dos establecementos comerciais?

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n  
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**María de la Soledad Piñeiro Martínez na data 29/03/2010 10:26:09**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 29/03/2010 10:26:16**

**Carlos Negreira Souto na data 29/03/2010 10:26:27**

**Natalia Barros Sánchez na data 29/03/2010 10:26:33**

**Paula Prado del Río na data 29/03/2010 10:26:39**

**Pablo Cobián Fernández de la Puente na data 29/03/2010 10:26:43**

**María Seoane Romero na data 29/03/2010 10:26:49**

**María Ángeles Díaz Pardo na data 29/03/2010 10:26:55**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/03/2010 11:43  
Nº Rexistro: 29536  
Data envío: 29/03/2010 11:43:44.818

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Luisa Bouza Santiago e Alfredo Suárez Canal**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á denuncia de indicios de filtracións nas oposicións ao SERGAS.

No tempo que levamos de lexislatura téñense producido xa varias denuncias de irregularidades en procesos de selección realizados pola Administración galega. Algunha xa admitida polo Goberno galego e algunha xa con consecuencias no propio proceso.

A instancias do Grupo parlamentar do BNG tense tratado este tema en Pleno e Comisión instando ao Goberno galego a poñer en marcha medidas correctoras para impedir que estes casos se repitan.

Nos últimos días ten saído nos medios de comunicación unha denuncia sobre indicios de filtracións nunha oposición ao SERGAS, que foi xa denunciada sindicalmente hai cousa dun mes. Os aspirantes que obtiveron mellores puntuacións teñen relación familiar ou directamente traballan na Subdirección Xeral de RRHH do SERGAS encargada da xestión e organización das probas.

Parece, por tanto, que ou ben o Goberno galego non tomou as medidas que se comprometeu a tomar en sede parlamentar, ou ben esas medidas non están a funcionar.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/03/2010 11:43  
**Nº Rexistro: 29536**  
Data envío: 29/03/2010 11:43:44.818

Por este motivo o Grupo Parlamentar do BNG quixera realizar as seguintes preguntas:

1- Ten coñecemento o Goberno galego dos indicios de filtracións denunciados polos sindicatos e, posteriormente nos medios de comunicación, nas oposicións do SERGAS?

2- Ten iniciado o Goberno galego algunha investigación sobre as devanditas denuncias?

3- Qué medidas ten posto en marcha o Goberno galego para evitar irregularidades nos procesos selectivos da Administración galega?


4- Visto as denuncias sobre irregularidades en diversos procesos selectivos, qué medidas tomará o Goberno galego para delimitar as responsabilidades políticas que correspondan?

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Alfredo Suárez Canal

Deputada e deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/03/2010 11:43  
**Nº Rexistro: 29536**  
Data envío: 29/03/2010 11:43:44.818

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 29/03/2010 11:24:35**

**Alfredo Suárez Canal na data 29/03/2010 11:24:40**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Abel Losada Álvarez, Concepción Burgo López, M<sup>a</sup> Remedios Quintas Alvarez e José Tomé Roca**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O transporte aéreo tense configurado nos derradeiros anos como un elemento estratéxico do desenvolvemento económico das cidades e dos países.

A participación dos diferentes gobernos para potenciar rutas e conexións aéreas entre os diferentes aeroportos tense convertido nunha práctica habitual.

O que non pode ser, na opinión dos socialistas, é que esa participación dos poderes públicos se converta nun elemento que distorsione a competitividade dos diferentes territorios. Iso é o que está a ocorrer coas subvencións da Xunta de Galicia a compañía aérea *Vueling*, para potenciar determinadas rutas aéreas en Galicia.

Unha vez iniciados os vos a Bruxelas, Amsterdam e Zürich, observamos que o aeroporto de Vigo se queda sen ningunha conexión desa compañía os dous grandes centros aéreos de Europa, que son París (os seus 2 aeroportos moven case 90 millóns de pasaxeiros/ano), e sobre todo Londres, os seus 5 aeroportos moven máis de 130 millóns de pasaxeiros o ano, coas posibilidades de conexión que isto supón.

A compañía *Vueling* terá conexión dende o aeroporto de Coruña a Londres e Amsterdam (47 m. de pasaxeiros), dende Santiago a París e Zürich (22 m. de pasaxeiros), e dende Vigo, unicamente a Bruxelas (17 m. de pasaxeiros).



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Ante esta situación, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión 6ª:

1. E consciente a Xunta de Galicia, da discriminación que sofre o aeroporto de Vigo, tras a negociación do Goberno de Galicia coa compañía Vueling?
2. Cales foron nos criterios para priorizar a conexión de Vigo con Bruxelas, cando perigaba a de Londres, moito máis importante en termos económicos e turísticos?

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2010

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Concepción Burgo López  
María Quintas Alvarez  
José Tomé Roca

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/03/2010 11:16:05**

**María Concepción Burgo López na data 30/03/2010 11:16:11**

**María Remedios Quintas Álvarez na data 30/03/2010 11:16:16**

**José Tomé Roca na data 30/03/2010 11:16:22**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo e Ana Luisa Bouza Santiago**, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, en relación coa atención pediátrica na Pobra do Caramiñal.

O concello de A Pobra do Caramiñal conta cun centro de saúde que na súa carteira de servizos básicos oferta o de pediatría. Trátase dun único profesional que atende en horario de mañá a unha poboación potencial de máis de 1.300 nenos e nenas (segundo consta nos datos oficiais do padrón municipal). O BNG ten reclamado en diversas ocasións a necesidade de mellorar este servizo, ampliando a oferta do mesmo e garantindo que se cubran as baixas ou períodos estivais.

Unha demanda que comparten moitos pais e nais deste concello, que consideran necesario ampliar a oferta desta especialidade a horario de tarde. A ampliación deste servizo é importante para moitas persoas, evitaría ter que ausentarse do seu traballo ou que os menores tiveran que perder escola para asistir as consultas médicas.

A fin de coñecer a posición e actuacións que vai desenvolver a Xunta de Galiza, en relación coa mellora da atención de pediatría no centro de saúde de A Pobra do Caramiñal, é polo que presentamos as seguinte Preguntas:

1. En cantas ocasións no último ano estivo sen cobertura (motivada por baixas ou por períodos estivais) a especialidade de pediatría no centro de saúde A Pobra do Caramiñal?



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/03/2010 12:46  
Nº Rexistro: 29569  
Data envío: 30/03/2010 12:46:22.504

2. Que motiva que non se cubriaran estas baixas? Que solución se lle vai dar a esta situación?
3. Considera a Xunta de Galiza que debe ampliarse en horario de tarde a atención pediátrica neste centro de saúde?
4. En caso negativo, que motiva esta decisión?
5. En caso afirmativo, en que prazos se vai levar adiante?
6. Ten constancia a Xunta de Galiza do número de persoas empadroadas no concello de A Pobra do Caramiñal, que teñen ao seu pediatra noutros centros de saúde da comarca da Barbanza? Cantas teñen optado por pediatras que consultan en horario de tarde?

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Ana Luisa Bouza Santiago

Deputadas do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 30/03/2010**

**12:40:35**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 30/03/2010 12:40:46**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/03/2010 12:47  
**Nº Rexistro: 29571**  
Data envío: 30/03/2010 12:47:26.753

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao impacto sobre o sector pesqueiro galego que supón o esgotamento da cota de captura da xarda.

A Unión Europea ven de comunicar formalmente o esgotamento no mes de marzo da cota de captura de xarda (26.000 toneladas) asignada ao Estado español, sen que no litoral galego se puidera chegar a pescar.

O BNG ten advertido desta posibilidade, de xeito formal –no Parlamento de Galiza- perante a Consellaría do Mar. Non houbo táctica nin estratexia propia. Tan só laios, seguidismo acritico e subordinación. O acontecido no ano 2009 (peche total en xuño) non foi máis que un preludio trágico á situación producida no ano 2010. E pode que tamén no 2011.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Pesca e Marisqueo:

1.<sup>a</sup>) Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego na defensa do sector pesqueiro galego afectado pola supresión da cota de captura de xarda?

2.<sup>a</sup>) Vaise realizar algún intercambio de cota con outros países?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/03/2010 12:47  
**Nº Rexistro: 29571**  
Data envío: 30/03/2010 12:47:26.753

3.<sup>a</sup>) En caso positivo, en que termos, en que cantidades, e a que segmento de frota irán dirixidos?

4.<sup>a</sup>) Cal vai ser a capacidade de captura da frota galega de baixura no presente ano 2010?

5.<sup>a</sup>) Que estratexia vai pór en marcha o Goberno galego co obxecto de evitar que no próximo ano 2011 se reproduzan os mesmos problemas en relación coa captura de xarda xerados no 2009 e 2010?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 30/03/2010 12:43:44**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 31/03/2010 10:34  
Nº Rexistro: 29578  
Data envío: 31/03/2010 10:34:17.430

## Á Mesa do Parlamento


**Ana Luisa Bouza Santiago**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, sobre o cumprimento dos acordos do Pacto local no referido á asunción por parte do Goberno galego dos gastos de mantemento dos Centros de saúde.

O 29 de decembro de 2008 asinouse o Convenio entre a Consellería de Sanidade e a FEGAMP para dar cumprimento á Cláusula D) do apartado de financiamento do Acordo de desenvolvemento do Pacto Local de Galicia.

Establécense dous sistemas para a asunción destes gastos, ben o traspaso da titularidade do centro ao SERGAS, ben un convenio específico para a subvención dos gastos xerais de funcionamento do centro.

Dentro do marco de desenvolvemento deste Acordo, os pasados 19 de novembro e 10 de decembro de 2009, o Consello da Xunta acordou a asunción, a partires do 1 de xaneiro de 2010, dos seguintes centros de saúde: Curtis, Teixeiro, Bertamiráns, Xanceda, Visantóna, Cerdido, Culleredo, Cedeira, Outes e Miño da Coruña, Cervo, San Cibrao e Vilalba de Lugo, Beade e Arnoia de Ourense e Baiona, Cerdedo, Meaño e Dena de Pontevedra.

O pasado 28 de xaneiro e o 4 de febreiro de 2010, o Consello da Xunta acordou aceptar a cesión dos seguintes centros: Muxía e Perillo da Coruña, Láncara de Lugo, Bande de Ourense e Pontecesures, Ponte Caldelas, Arcade e Valga de Pontevedra.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/03/2010 10:34  
**Nº Rexistro: 29578**  
Data envío: 31/03/2010 10:34:17.430

Algúns concellos están pendentes de resposta do Goberno galego sobre a documentación remitida ou a súa solicitude de cambio de grupo. Nalgún caso dende hai meses.

Esta situación leva ao Grupo do BNG a realizar as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1ª) Qué motivos existen para que non se fixera efectiva a cesión acordada nos Consellos da Xunta dos días 19 de novembro e 10 de decembro de 2009, 28 de xaneiro e 4 de febreiro de 2010 ?

2ª) En que data se farán efectivas estas cesións?


3ª) En qué data darán resposta aos concellos pendentes de resposta sobre a calificación e documentación dos centros de saúde pendentes de transferir?

4ª) Está prevista a asignación de subvencións aos concellos que queden no grupo 2 (centros que non poden ser cedidos), e, no caso de resposta afirmativa, cando se fará efectiva a mesma?

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 31/03/2010 10:34**  
**Nº Rexistro: 29578**  
Data envío: 31/03/2010 10:34:17.430

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 31/03/2010 10:28:18**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 31/03/2010 11:29  
Nº Rexistro: 29582  
Data envío: 31/03/2010 11:29:04.148

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo e Carlos Aymerich Cano**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, en relación coa construción dunha residencia pública no concello de Santiago de Compostela.

O Concello de Santiago de Compostela era até a pasada lexislatura unha das cidades galegas cunhas ratios máis baixas de cobertura de prazas públicas en residencias para persoas maiores. Así, só existía a Residencia de Porta do Camiño con 84 prazas.

Na pasada lexislatura púxose en funcionamento un novo centro residencial en Volta do Castro con 150 prazas para persoas dependentes, ademais dun centro de día con 40 prazas para atender a persoas con Alzheimer. Iniciouse tamén a construción dunha nova residencia pola Fundación José Otero e Carmela Martínez, que en breve debería empezar a funcionar, mais o número de prazas públicas deste centro vai ser reducido.

Desde o BNG consideramos necesario que a Xunta de Galiza continúe co proceso de expansión de servizos públicos, concretamente o incremento de prazas residencias para maiores na cidade de Santiago de Compostela. Máxime cando o concello ten posto a disposición da Xunta un terreo que permitiría iniciar este proceso sen demoras.

Santiago de Compostela ten unha porcentaxe de persoas maiores que supera o 20 %. As ratios de referencia dos servizos sociais sitúanse nun 3,5 %, cifra que non se ten



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

acadado no nosa nación, nin na súa capital. Consideramos pois necesario que a Xunta de Galiza aposte por continuar cun proceso de mellora da cobertura e atención das nosas persoas maiores.

Polo dito, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.<sup>a</sup>) Ten previsto a Xunta de Galiza iniciar os trámites necesarios para construír unha residencia pública para persoas maiores no concello de Santiago de Compostela ao longo desta lexislatura?
- 2.<sup>a</sup>) En caso afirmativo, en que prazos? Cales serán as características deste centro? Cal será o modelo de xestión polo que apostará a Xunta de Galiza?
- 3.<sup>a</sup>) En caso negativo, que razóns xustifican esta decisión?

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Carlos Aymerich Cano

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 31/03/2010 11:27:33**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 31/03/2010 11:27:36**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**M<sup>a</sup> José Caride Estévez, Ismael Rego González, Abel Losada Alvarez e Manel Gallego Lomba**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Ante as declaracións da Consellería de Facenda á saída do Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF) que estima que Galicia recibirá 111 millóns de euros menos no actual exercicio 2010, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son as causas e consecuencias do desfase de 111 millóns de euros de financiamento para Galicia no ano 2010?
2. Por que este desfase só acontece nas previsións de Galicia e de Castela – León?
3. Que pensa facer o Goberno galego?
4. Como pode repercutir esta redución nos orzamentos da Xunta de Galicia?
5. Cales poden ser as repercusións nos servizos e no investimento galego para o ano 2010?

Pazo do Parlamento, 31 de marzo de 2010

Asdo.: M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
Ismael Rego González  
Abel Losada Alvarez  
Manel Gallego Lomba  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María José Caride Estévez na data 31/03/2010 11:31:58**



---

■ Grupo Parlamentario

**Ismael Rego González na data 31/03/2010 11:32:04**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 31/03/2010 11:32:08**

**José Manuel Gallego Lomba na data 31/03/2010 11:32:14**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 31/03/2010 11:42  
Nº Rexistro: 29587  
Data envío: 31/03/2010 11:42:15.351

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Luisa Bouza Santiago e Carlos Aymerich Cano**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á situación de precariedade dos servizos sanitarios de atención primaria no concello de Coirós.

O Concello de Coirós conta con menos de 1.800 habitantes, con saldo vexetativo negativo e poboación envellecida.

Conta no seu termo municipal co Centro de Saúde Figueiras-Coirós e tres consultorios, na propia casa do concello, en Queirís e Ois. Todos eles atendidos polo mesmo facultativo de medicina xeral. Para o resto dos servizos, como pediatría ou urxencias, a poboación de Coirós acude ao Centro de Saúde e PAC de Betanzos.

O centro de saúde e os consultorios non teñen un horario establecido de atención que varía en función das consultas que se realizan cada día e que poden facer que algún día non se preste atención no propio centro de saúde ou que, ante unha necesidade de consulta urxente, resulte difícil saber onde está consultando o facultativo. Esta situación ten provocado protestas veciñais.

Esta situación de precariedade leva ao Grupo Parlamentar do BNG a realizar as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1ª) Qué previsións de actuacións de mellora dos servizos de atención primaria ten



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 31/03/2010 11:42  
Nº Rexistro: 29587  
Data envío: 31/03/2010 11:42:15.351

previsto o Goberno galego para o concello de Coirós?

2ª) Considera entre as actuacións previstas o establecemento de horarios de atención para o centro de saúde e os consultorios que dan servizo á poboación do concello de Coirós ?

3ª) Considera entre as actuacións previstas a incorporación dalgún novo servizo no centro de saúde de Coirós?

4ª) Considera entre as actuacións previstas a mellora da accesibilidade ao centro de saúde e PAC de Betanzos?

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Carlos Aymerich Cano

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 31/03/2010 11:40:56**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 31/03/2010 11:41:03**

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
    - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
    - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
    - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
  2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
    - 2.1 INVESTIDURA
    - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
    - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
  3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
    - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
    - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
    - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
    - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
    - 3.5 MOCIÓNS
    - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
      - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
      - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
    - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
    - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
  4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
    - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
    - 4.2 INTERPELACIÓNS
    - 4.3 PREGUNTAS
    - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
    - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
  5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
    - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
    - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
    - 5.3 VALEDOR DO POBO
    - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
    - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
  6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
    - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
    - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
    - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
    - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
    - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
    - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
    - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
    - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
    - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
    - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
    - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
  7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
    - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
    - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
    - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
  8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
    - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
    - 8.2 PERSOAL
    - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
  9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
    - 9.1 INFORMACIÓNS
    - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727